

CONCELLO PLENO **ACTA DE SESIÓN**

ÓRGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2007/02

CARÁCTER: ORDINARIA .

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 12 de marzo de 2007

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día 12 de marzo de 2007 reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do Sr.Alcalde D. Balbino E.Pérez Vacas co fin de celebrar sesión ORDINARIA e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

Presidente:

D.Balbino E.Pérez Vacas (Alcalde)

Concelleiros presentes na sesión:

D.Santiago Fdez.Reinante Salvatierra

D.Ramón López Pérez

D.Carlos Pérez Méndez

D.Fernando Suárez Barcia.

D.Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Álvarez Lastra.

D.José Carlos Rodríguez Andina.

D.Manuel Fernández Fra

D.Elías García López

D.Manuel ValínValdés.

Don José Duarte Díaz

D.Pedro Tomás Fojo López

Secretario:

D.Manuel J.Díaz Sánchez

Interventor acctal.:

D.José Vázquez Cupeiro

2007/01/04.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA NÚMERO 2007/01 DE 15 DE XANEIRO.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondente á sesión ordinaria de data 15 de xaneiro de 2007- acta número 2007/01, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

2007/02/05.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS DENDE A NÚMERO 248 Á NÚM. 287/2006 E DENDE A 1 Á 17 DE 2007.

Dáse conta ó Pleno Municipal das resolucións epigrafiadas 248 a 287 do ano 2006 e 1 a 17 do ano 2007.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que sinala , en relación ás Resolucións obxecto de dación que , sen dúbida e un método normal ó longo deste mandato, e que lle tocou ir a ver a documentación do punto da orde do día e lle chamou poderosamente a atención que as Resolucións unicamente chegan ata o 31 de xaneiro e estase a 11 de marzo.

Sinala o Sr.Concelleiro interveniente que non di que teñan que vir as resolucións e decretos ó día 11 , pero os de primeiros de marzo si xa están asinados , non sabe porque non se incorporan ata tres ou catro días antes , e que polo tanto, o que esixen é que mañá teñan á súa disposición ata o último día que esté asinado, que pode non ser o once pero pode ser o oito.

Manifesta así mesmo o Sr.Rodríguez Andina que teñen que denunciar publicamente que observan un método de adjudicación de obras que non deixa de ser unha maneira de saltarse a legalidade , que non di que sexa ilegal , senón unha maneira de saltarse a legalidade, e que consiste en que para poder facelas , sen dúbida con rapidez , sen dúbida con axilidade, , pero non pode estar por enriba de outros criterios , pois o que se fai é partila en cachiños , e entón no hai decreto que vaia por enriba dos cinco millóns de pesetas e ó non haber decreto que vaia por enriba dos cinco millóns de pesetas , e ó non habelo , se pode adjudicar por decreto e por resolución , e que ese non é o método lóxico , porque todos están pola transparencia, pola igualdade de oportunidades e por todas esas cousas , que sobre todo este goberno municipal dice todos os días, e que polo tanto o seu grupo cree que debe existir un Plan, pero outra cousa e que o haxa , e se non o hai pois se fai así , a bote pronto, pero se houbera un Plan de arranxo de rúas de arranxo de pistas , de arranxo do que sexa, confecciónese ese Plan , redáctese o proxecto e pónase unha cantidade de cartos e sáquese o concurso ou a subhasta, pero que non se fraccione en cachiños para poder ir dando dixitalmente , non di que co ánimo de facer amiguiños, pero probablemente so con ánimo de axilizar , pero que o lamenta , así non funciona a Administración, así funcionaría noutros sitios, pero na Administración non é o sistema; e o Sr.Rodríguez Andina manifesta polo tanto ao sr.Concelleiro Delegado de Obras que hai que facelo doutro xeito.

Prosegue intervindo o Sr.Rodríguez Andina , do Grupo Popular e manifesta que como no Plan de Dinamización Turística , de xeito reiterado , xa viñeron vendo cousas cando menos rariñas , quere falar unicamente do Decreto 248/06 donde no Plan de Dinamización Turística poñen “gastos diversos” ,unha vez máis , e pide o Concelleiro interveniente , que a ver si van comezando a poñer en que consisten as cousas, sobre todo cando empezan a ter unha entidade económica importante, e non di o seu grupo que haxa que poñer todo, con todas as facturas dende 25 euros, pero a partir dunhas cantidades , e hai que empezar a dicir esto é isto , e isto é aquilo.

Por parte do Sr.Alcalde maniféstase en relación a primeira das cuestións , que descoñece porque non se traen ata a maior parte do mes de marzo os Decretos , e que é unha cousa que

quedará subsanada senón mañá , pasado, pero na semana; en relación á segunda das cuestións manifesta o Sr.Alcalde que como moi ben sabe o Sr.Rodríguez Andina é a práctica habitual , e faise co único obxectivo de axilizar a adxudicación das obras e a súa realización o máis rapidamente posible , sobre todo nestas épocas en que tanto problema causa a realización das mesmas.

En relación á terceira das cuestións , a do PDT , o Sr.Alcalde manifesta que, que el saiba non hai nada raro no PDT , e que a mención a gastos diversos será o xeito en que consignou esa partida , pero que non lle caiba dúbida de que nesta semana se lle aclarará a que corresponden eses gastos diversos ocasionados no PDT , e reitera que está todo clarito e transparente como a auga máis clara que hai.

Tras da deliberación que antecede , o pleno Municipal dáse por enterado do asunto epigrafiado

2007/03/06.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE CESE DE D.SANTIAGO FDEZ.REINANTE SALVATIERRA COMO 4º TENENTE ALCALDE E MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS ATRIBUCIÓNS COMO CONCELLEIRO DELEGADO DE ECONOMÍA E FACENDA.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado:

“Pola Presidencia dáse conta das Resolucións epigrafiadas, tratándose conxuntamente na Comisión este punto e os números 3 e 4.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular pregunta a donde vai o Sr. Fernández Reinante , e o Sr. Alcalde resposta que non vai para ningún lado,sinalando a súa vez que non sabe que non ten dereito a ningunha comisión informativa.

O Sr.Duarte Díaz manifesta que é non adscrito, e o Sr. Rodríguez Andina di que é non adscrito “Desaparecido en combate”.

O Sr.Alcalde á súa vez di que de momento.
Sen promoverse mais deliberación a Comisión Informativa dáse por enterada das mesmas.”

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina do Grupo municipal Popular que manifesta que non dubida que a redacción do dictame estea ben feita , pero cando se oíu agora resulta que non se enterou moi ben do que tiña dito o outro día , e que entón para que quede claro quere manifestar que cre que a ninguén esta Corporación vai poñer en dúbida que el non vai defender os dereitos individuais de don Santiago Fernández-Reinante, que iso está claro , pero ese non é o tema , e agora vai a defender os dereitos de calquera cidadán que si os ten, e este señor (en referencia ao Sr.Fernández-Reinante) é Concelleiro deste Concello e o que dí, e que se lle bota de aquí , de alí e do outro lado, pero está aquí sentado , e logo é Concelleiro.

O Sr.Alcalde contéstalle que efectivamente.

Prosegue o Sr.Rodríguez Andina a súa intervención , manifestando que como tal Concelleiro o Sr.Fernández Reinante estará nalgún sitio , e o que lle preguntaba o outro día e lle volta a preguntar hoxe é donde está, porque estar está, como di un bo amigo do Concelleiro que está a intervir, pero pregunta donde está, e que claro hai maneiras de situar o persoal, segundo en que sitios , e logo e logo hai un persoal que ten dereito a asistencia a determinados órganos colexiados, cree o seu Grupo, e xa o dicía o outro día e hoxe o volta a dicir , que cree que ninguén vai entender que este defendendo a ninguén persoalmente.

O Sr. Alcalde contéstalle que non sabe.

O Sr. Rodríguez Andina prosegue manifestando que unha cousa e que se leven moi mal, moi mal, e outra cousa é que os desterren aos infernos , e non lles digan donde teñen que estar, eso polo menos e que ás persoas hai que tratalas como persoas , e ós cargos públicos por suposto tamén.

O Sr. Alcalde contesta que todos son maiores e que agás que se equivoque , o Sr. Fernández Reinante segue no Grupo Municipal Socialista , porque nin pediu a baixa nin o Grupo municipal lla deu dentro do Grupo Municipal Socialista, e que cando se proceda a esa solución , se solucionará o tema.

O Sr. Fernández-Reinante á súa vez manifesta que agarda que sirvan as palabras de agora, que está a pronunciar para que se lle de a baixa, e que si ten que presentala por escrito o fará, pero que en todo caso quere que se lle de a baixa do Partido Socialista e supón que algún dereito debe ter a participar nas Comisións Informativas , porque na Deputación Provincial o fai, e non quere dicir que tódalas institucións teñan que funcionar igual en todo, pero nalgunhas cousas se rexerán por leis similares, e neste caso de réxime local, co cal ten que dicir que na Deputación Provincial vai participar en todas as Comisións Informativas.

O Sr. Alcalde manifesta que ben, que proceda como manifesta no seu turno de intervención , e por suposto que no Concello de Ribadeo, non de agora , senón de sempre se cumpre a Lei e a normativa existente ao efecto.

Sen máis debate o Pleno toma razón do asunto epigrafiado.

2007/04/07. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO COMO 4º TENENTE ALCALDE E MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DON CARLOS PÉREZ MÉNDEZ.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Pola Presidencia dáse conta da Resolucións epigrafiadas, de xeito conxunto coa precedente e posterior sendo a deliberación común e dándose a Comisión Informativa por enterada da mesma.”

O Pleno sen deliberación dáse por enterado do contido da mesma.

2007/05/08. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA COA MODIFICACIÓN DOS CONCELLEIROS ADSCRITOS A DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS MUNICIPAIS.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007, na que foi tratado este punto conxuntamente cos puntos números 3º e 4º desta sesión, sen promoverse deliberación no Pleno agás a reseñada no número 3 desta sesión.

“Dáse conta do escrito do Grupo Municipal Socialista sobre modificación de adscripción de Concelleiros ás diferentes Comisións Informativas:

MEMBROS do Grupo Municipal Socialista que formarán parte das diferentes Comisións Informativas Permanentes do Concello de RIBADEO.-

FACENDA E CONTAS:

Titular: D. Balbino E. Pérez Vacas e don Ramón López Pérez.

Suplente: D. Carlos Pérez Méndez.

MULLER, CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE , DEPORTES E ASUNTOS SOCIAIS:

Titular: D. Balbino E.Pérez Vacas e don Carlos Pérez Méndez.

Suplente: D. Ramón López Pérez.

URBANISMO, OBRAS, MEDIO RURAL, DESENVOLVEMENTO E EMPREGO:

Titular: D. Balbino E.Pérez Vacas e don Carlos Pérez Méndez.

Dáse conta do escrito do Grupo Municipal Socialista sobre modificación de adscripción de Concelleiros ás diferentes Comisións Informativas:

MEMBROS do Grupo Municipal Socialista que formarán parte das diferentes Comisións Informativas Permanentes do Concello de RIBADEO.-

FACENDA E CONTAS:

Titular: D. Balbino E.Pérez Vacas e don Ramón López Pérez.

Suplente: D. Carlos Pérez Méndez.

MULLER, CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE , DEPORTES E ASUNTOS SOCIAIS:

Titular: D. Balbino E.Pérez Vacas e don Carlos Pérez Méndez.

Suplente: D. Ramón López Pérez.

URBANISMO, OBRAS, MEDIO RURAL, DESENVOLVEMENTO E EMPREGO:

Titular: D. Balbino E.Pérez Vacas e don Carlos Pérez Méndez.”

O Pleno sen deliberación dáse por enterado do contido da mesma.

2007/06/09.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ADHERÍNDOSE AO HOMENAXE A D. ISAAC DÍAZ PARDO.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Pola Presidencia dáse lectura á Resolución da Alcaldía que se transcribe literalmente:
“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBADEO AO HOMENAXE A ISAAC DÍAZ PARDO.

Pola Alcaldía-Presidencia á vista da homenaxe que se está a realizar promovido pola Asociación Cultural Fuco Buxan de Ferrol e ao que se veñen adherindo todo tipo de institucións desta Comunidade Autónoma, á persoa de Isaac DÍAZ PARDO como unha personalidade que desenvolveu a súa vida baixo os presupostos de amor e xenerosidade con Galiza e cun profundo vencello nos anos máis difíciles coa consecución das liberdades democráticas e o recoñecemento da personalidade de Galiza.

Especialmente na Mariña Lucense o seu pulo para a creación de Sargadelos non xa soamente como empresa productiva senón como proxecto cultural ao servizo do país fai que poucos homenaxes poidan ser máis merecidos dende o Concello de Ribadeo tan intimamente vencellado á personalidade do que foi o primeiro fundador de Sargadelos D.Antonio Reimundo Ibáñez a sazón rexedor que foi deste Concello e que tamén incorporou os valores da modernidade e de compromiso co desenvolvemento do país, que logo , séculos despois, voltarían a vivir en Sargadelos da man de Díaz Pardo e dos seus colabouradores.

En virtude do antedito,por razóns de urxencia e de conformidade co previsto no artigo 21.1k) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e ante a proximidade do día 2 de marzo en que se vai realizar no teatro Jofre de Ferrol un homenaxe público,

RESOLVO:

1º. Manifestar a adhesión do Concello de Ribadeo representado polo seu Alcalde ao homenaxe a D. Isaac Díaz Pardo , pola súa laboura como cidadán intelectual, empresario, e en suma como constructor da Galiza contemporánea.

2º. A expedición de certificación acreditativa desta Resolución aos efectos procedentes.

3º. Dar conta no primeiro Pleno que se celebre a este órgano municipal.

Iniciase deliberación manifestando o Sr.Rodríguez Andina que o homenaxe é do Alcalde , e que lles da conta.Na deliberación pregunta o Sr.Rodríguez Andina pola data contestándose pola Alcaldía que é o 28 de febreiro.

O Sr. Rodríguez Andina fai constar que o seu Grupo quere manifestar a súa queixa porque para dar conta agora , e se lles puido dar conta antes pois probablemente o 25, o 26, o 27 e puido ter sido unha cousa de tódolos grupos , é dicir algo participativo, e non unha ocorrencia do Alcalde da que agora se lles da conta porque eso simplemente é un escrito que se fai en cinco minutos e tampouco é ningún milagre. E para darlles conta agora puido telo en conta e o asinaban todos.

O Sr Alcalde replícalle que iso foi practica habitual neste Concello nos últimos anos.

O Sr Rodríguez Andina a súa vez resposta que o que se fixo mal non quere decir que teña que seguir facéndose mal.

Prosegue a deliberación pedíndose por Secretaria que se emita un dictame. Deliberase sobre a dación de conta, explicándose por Secretaria que na propia Resolución se fai referencia o disposto no artigo 21.1. da Lei 7/1985 e a ratificación polo Pleno municipal da dación de conta

O Sr Rodríguez Andina manifesta que a súa queixa e todavia redobrada e que primeiro non participan e agora como quedan en función do que opinan e pide que conste.

Por Secretaria explicase que é unha decisión da entidade local por razóns de urxencia e que logo se da conta o órgano plenario o que lle corresponde ratificar ou non, o resolto pola Alcaldía, e que se pon dar conta pero xa se sinala o artigo da lei que di a que efectos.

O Sr Suárez Barcia manifesta que o voto do grupo do BNG e favorable e o Sr Rodríguez Andina que non ten ningún inconveniente coa dobre queixa, por suposto, a de antes e a de despois.

De seguido por unanimidade en votación ordinaria acordase dictaminar favorablemente para a súa ratificación polo Pleno municipal a resolución da Alcaldía relativa á Adhesión o Homenaxe de Galicia a Isaac Díaz Pardo.”

Iníciase deliberación manifestándose polo Sr.Alcalde que xa foi informada favorablemente, por unanimidade , pola Comisión Informativa, pero que quixera neste caso recoller a dobre queixa do Partido Popular, xa que evidentemente se puido reunir a Xunta de Portavoces para acordar o tema , pero como moi ben sabe pola súa experiencia como Alcalde o Sr.Rodríguez Andina , ás veces o día a día devora a actividade de calquera Alcalde e neste caso había unha premura, como explicou en Comisión de que estivese o Decreto firmado para dar conta despois á Asociación Cultural promotora e que lamenta o ocorrido e non vai voltar a ocorrer e terase en conta para outros homenaxes que se poidan solventar.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta que agradece a explicación , pero o que sucede é que cando hoxe pola mañá veu a ver a documentación , a queixa é triple, e que ata agora levaban dúas e agora son tres, porque efectivamente se non se enteraron antes, se enteraron o 28 de

febreiro porque lles mandaron un Fax , peor, e un Fax dun periódico donde di que o 6 de febreiro se iniciaran por parte desa Asociación os trámites para a celebración do mes de homenaxe a D.Isaac Díaz Pardo, e polo tanto se se iniciaron o día 6 todavía había máis días, 22, co cal a queixa é todavía maior, e esa documentación non a está inventando o Concelleiro que intervéñ , pero que de todos os xeitos agradece a explicación e agarda que así sexa.

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria, de conformidade co preceptuado no artigo 21. 1 k) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local se ratifica a Resolución da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2007 transcrita anteriormente.

2007/07/10. PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE A FOMENTO DE CESIÓN DE TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO.

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que con relación ao punto número 7º propón ao Pleno que debido á Moción por parte do Partido Popular en termos similares ao que ven aquí á sesión, propón que quede sobre a mesa , para debater no Pleno extraordinario, convocado a tal efecto.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez manifesta que non só aceptan a proposta da Alcaldía senón que o seu grupo non ía intervir no debate deste punto, por esa mesma razón porque cren que legalmente non podería estar aquí .

Proposta polo tanto a retirada deste asunto ,ao existir unha convocatoria efectuada polo Grupo municipal Popular sobre a cesión das rúas Avda. de Asturias, José Vicente Pérez Martínez e Avda. de Galicia, se acorda por unanimidade a retirada deste punto da sesión por asentimento do órgano plenario.

2007/08/11. APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta, a instancia da Alcaldía, polo Secretario da modificación proposta na Ordenanza de referencia, que consiste basicamente na do artigo 11 para salvar unha limitación existente na ordenanza vixente en relación coa aplicación dun cambio de normativa para os establecementos de venda de carne que precisaban ter separada a venda de carne da de elaboración. E o mesmo tempo o arranxo dos números.

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ARTIGO 11 DA ORDENANZA REGULADORA DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE.

Artigo 11.

Ningunha persoa poderá ser titular de máis de dúas concesións de postos interiores da Praza de Abastos destinados á venda directa ao público. Os obradoiros , venciados ou dependentes dun establecemento de venda ao por menor, donde non se efectúen venda ao público non terán a consideración de posto aos efectos da limitación establecida neste artigo, podendo polo tanto os seus titulares optar a unha segunda concesión aínda que dispoñan de dous locais na Praza. Aos efectos deste artigo se considerará que existe identidade entre persoas xurídicas

cando no seu capital participen persoas con parentesco de ata o terceiro grao por consanguinidade ou afinidade.

Cando como consecuencia da concesión de novos postos se faga preciso unha modificación da numeración dos mesmos, con carácter simultáneo á autorización ou concesión que se outorgue deberá estenderse polos servizos técnicos municipais un croquis no que se reflicte adecuadamente a modificación efectuada.

Pola comisión por unanimidade en votación ordinaria acordase dictaminar favorablemente a aprobación inicial da modificación da ordenanza da praza conforme o procedemento legalmente establecido. E polo tanto, á vista do informe emitido polo responsable da OMIC en relación á modificación do artigo 11 da Ordenanza reguladora da Praza de Abastos, Mercadiños e Venda Ambulante,

Visto o informe da Secretaría desta Entidade, propónse a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A aprobación da modificación da Ordenanza reguladora no seu artigo 11, de conformidade coa proposta de redacción do articulado que se contén no expediente.

2º. A tramitación legalmente procedente.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acordase:

1º. A aprobación da modificación da Ordenanza reguladora no seu artigo 11, de conformidade coa proposta de redacción do articulado que se contén no expediente.

2º. A tramitación legalmente procedente.

2007/09/12.- ACORDO DE CESIÓN DE TERREOS AO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría a instancia da Alcaldía-Presidencia explicase aos membros da Comisión que se trata, a tenor dun escrito do IGVS autorizando a cesión a que se efectúen a tramitación establecida no regulamento.

O Sr Rodríguez Andina pregunta se é autorizando a cesión e comprometéndose a edificación ou é autorizando a cesión

Por Secretaria procedese a lectura da parte dispositiva do texto da Resolución, toda vez que o Sr Rodríguez Andina volta a preguntar, intervéñen o Sr Suárez Barcia que manifesta que si, dende logo, e que autorizar e aceptar e que lle den con ese uso, e aceptar ese uso, e non din o contrario e que enténdese que e para eso, e que esa e a súa opinión dende logo.

O Sr Duarte Díaz do grupo municipal popular manifesta que poden facer unha piscina cuberta, en ton irónico, e o Sr Rodríguez Andina a súa vez sinala que non é que poña en dúbida que vaia ser para iso, para as vivendas pero outra cousa e que o vaian a facer. O Sr Suárez Barcia reitera que a súa opinión e que será para facelo e Sr Duarte Díaz replícalle que tampouco se sabe en que tempo vai ser e que para esta Alcaldía non cree que o consigan, e que iso é o que di el.

O Sr Suárez Barcia volta a intervir manifestando que quedan setenta días, inda que maña empezaran .

O Sr Rodríguez Andina remata manifestando que xa verán ata que punto hai compromiso e logo xa falaran.

Pola Comisión Informativa por catro votos (dos grupos municipais socialista e do BNG) a favor e tres abstencións (do grupo municipal popular) acordase dictaminar favorablemente o asunto epigrafiado para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

O Sr.Alcalde intervén en primeiro lugar explicando que ,como todo o mundo recordará , esto é froito dunha Moción que foi aprobada unanimemente por todos os grupos municipais aquí presentes , e iniciouse un expediente daquela, froito desa Moción e nas últimas datas recibíuse un escrito do IGVS pedindo a cesión dos terreos, para o que entenden que van a ser porque foi o que se pediu na Moción, as vivendas de promoción pública, e que para o goberno municipal non existe ningunha dúbida de que vai ser para iso , pero porque iso foi o froito e o sentir da Moción aprobada polo goberno municipal.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta se isto é de menos a mais, e o Sr.Alcalde lle pregunta porque o di, e o Sr.Rodríguez Andina pregunta se irán de menos a máis , facendo referencia a que quere intervir o Sr.Fernández Reinante.

Intervén o Sr.Fernández Reinante , que manifesta que para él esta xestión ten que recoñecer que é , evidentemente , cando menos, é un dos poucos xeitos que pode distinguir un goberno de progreso como é o caso, e que el non vai votar en contra, pero de todos os xeitos pensa que un solar urbano como este , que ten un valor probablemente no mercado de 1.200.000 euros , aproximadamente, o que son douscentos millóns das antigas pesetas e serviría para comprar, para adquirir por parte do Concello, incluso coa posibilidade que ten o Concello de recalificar solo, moito máis solo do que este e en vez de construír este tipo de apartamentos que se van a facer, facer outra tipoloxía de vivenda , e como mínimo máis vivenda.

Prosegue manifestando o Sr.Fernández-Reinante que sería poñer a disposición con eses douscentos millóns de pesetas que podería ingresar o Concello, de forma ben sinxela, moito máis solo, e que ten que recoñecer que naquel momento acatou a disciplina de voto , e tamén xurdiu naquel momento unha discrepancia interna no seo do goberno entre Alcalde e Tenente de Alcalde , xa que por certo cada un tiña unha opinión sobre a materia , e que neste caso o Alcalde tiña a mesma que o Grupo Socialista , pero que por motivos que todo o mundo sabe , cedeuse ao posicionamento do Bloque, e que o sinte pero evidentemente vaise abster, pero esta é unha xestión dende logo, paupérrima para o Concello.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que como moi ben manifestou o Sr.Fernández-Reinante a política é o que é, e os acordos aos que se pretende chegar nun goberno municipal pois unhas veces ceden uns, e outras ceden outros .

O Sr.Fernández-Reinante interrompe sinalando que o problema é que esto é ceder

O Sr.Alcalde retíralle o uso da palabra manifestando que está intervindo el , e que a Moción foi aprobada como dixo antes por unanimidade de todos os grupos presentes, e agora isto é froito daquela Moción ,e falar de temas que corresponden con decisións adoptadas plenarias non ven moito a conta.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina manifestando que non lles cabe dúbida de que se se vai facer algo, van ser vivendas sociais , e que non queda máis remedio por outra parte. O Sr.Alcalde sinálalle que hai un acordo plenario; e volta intervir o Sr.Rodríguez Andina que manifesta que hai acordo plenario , e a cesión supón que será condicionada a que eso sexa para o que é , e non para outra cousa.

O Sr. Alcalde di que ninguén puxo en dúbida iso.

O Sr. Rodríguez Andina di que non cabe dúbida diso, o que lle pon en dúbida é cando, porque os papeis que lle chegan aquí por parte do IGVS o que nos fan, nos contan o que ten que facer un Concello, é non o que van facer eles, contan o que ten que facer o Concello e se llo permite antes de nada, tamén se alegra de que isto vai adiante, e foi con motivo dun acordo unánime, pero teme que xa que lles pretenden sacar as cores das malas xestións cando gobernaban (refírese ao seu período de goberno) ten que dicirlles que estes 504 m² que agora existen, e que son municipais, son consecuencia dunha serie de realizacións urbanísticas durante o mandato do Partido Popular que deron lugar a esas cesións de 504 m², e que non é que sexa ningún milagre, pero xa que o goberno municipal actual trata de sacarlles as cores canto poden, pois teñen que dicirlles estas cousas.

Prosegue afirmando o Sr. Rodríguez Andina que é froito dun acordo unánime pero que se fixen, que no documento que manda o IGVS, que é para construción de vivendas de promoción pública, e nese documento o Concello se compromete a garantir no posible que as condicións de accesibilidade aos futuros edificios de vivendas, sexan as correctas para permitir o acceso aos discapacitados físicos, a supresión de barreiras de acordo co Decreto de desenvolvemento desa Lei, e que se comprometen tamén a recibir a urbanización ao tempo de recepción da obra e a realizar ao mesmo tempo que a construción, a urbanización da parte posterior das parcelas e que estes compromisos deberán figurar na escritura de cesión ou aceptación, e quere dicir que en toda a documentación que lles manda o IGVS, aos únicos aos que se lles piden compromisos estrictos e exactos, e do que teñen que facer é ao Concello de Ribadeo.

Prosegue manifestando que non saben nin cando nin cantas, que ben o saben pola prensa, e van a ver se acaban sendo as mesmas que nas tres ou catro últimas veces que as anunciaron, e a ver se ao final seguen sendo as mesmas, pero pola prensa, e logo o IGVS non di nin cando as van executar nin cantas van executar, e tamén sería bo que de paso que tamén xestionan que as van facer e lles piden un montón de cousas, que tamén eles se comprometeran a algo por exemplo nun prazo, dous anos, tampouco piden que lles digan para maio, senón algo: 25, 30, 50 ou 15, e para nada se compromete o IGVS por agora, e iso hai que tamén destacalo, e de todos os xeitos por suposto que van votar a favor e que so faltaba.

Intervén o Sr. Alcalde que á súa vez manifesta que cren que dentro do que é a acción de goberno, está o que está acontecendo agora, é dicir contar co respaldo municipal para entregar previamente eses terreos para que se constrúan esas vivendas de Promoción Pública o outro, ao que fixo o Sr. Rodríguez Andina a referencia, é froito do propio debate político, e o Sr. Rodríguez Andina como oposición e o que fala como goberno, e as próximas Corporacións herdarán outro tipo de iniciativas como se herdou esta, como ben dixo o Sr. Rodríguez Andina e o Alcalde en repetidas veces, o bo e o malo, e neste caso foi o bo da xestión realizada polo Partido Popular, que ninguén do goberno negou nunca, de que esa finca, de que esa parcela de máis de 500 m² fora froito dos acordos aos que chegou o anterior goberno cos constructores.

Prosegue o Sr. Alcalde afirmando que a partir diso trasladar ó debate a que a xestión é boa ou mala, o goberno municipal considerou naquel momento que era o único solar que tiñan dispoñible para levar adiante a iniciativa de construír estas vivendas, e non teñen ningún reparo en requirir por escrito ao IGVS a que adquira o compromiso que considere oportuno, no prazo necesario para levar a cabo esas cuestións, e que cre que o verdadeiramente importante é a vontade política deste goberno municipal, e por conseguinte tamén dos membros do Partido Popular de apoiar esta iniciativa e que no prazo que sexa, tratarán co goberno actual de que sexa o máis rápido posible e que se dispoña deste tipo de vivendas.

Pretende intervir o Sr. Fernández-Reinante e o Sr. Alcalde sinálalle que ten a palabra en primeiro lugar o Sr. Suárez Barcia, e que a continuación dará un segundo turno.

Intervén a continuación o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que manifesta que ao seu xuízo o acordo foi enormemente positivo, é dicir de feito hai dous anos os trece concelleiros que formaban parte e que forman hoxe en día parte da Corporación do Concello votaron que si, e pregunta o Concelleiro interveniente porque se chegou a aquela votación , e resposta que porque antes uns votaron unha cousa e outros outra e non sabe en todo caso se o Sr.Fernández-Reinante tamén haberíalle que preguntar porqué daquela quería votar unha cousa e logo acabou votando outra, e que en todo caso aquí antes e agora , ninguén obriga a ninguén e isto é limpo, transparente e democrático , e cada un vota o que lle peta en conciencia.

Manifesta así mesmo que houbo unha intención de subhastar ese inmovible sen un uso definido daquela , e houbo unha proposta dende o BNG daquela, e que foi secundada por todos os Grupos para eso trasladarllo ao IGVS, para que puideran facerse unha serie de vivendas de protección oficial, e que a partir de aí se pode discrepar e pensar que se faría mellor dunha maneira ou doutra , pero o caso é que foi unanimemente aceptado despois dunha serie de documentación que foi requirindo a Xunta.

Incidentalmente soa un teléfono móbil do público e por parte do Alcalde pídesse ao público asistente que apague por favor os móbiles por respecto a todos os presentes. Do publico unha voz anónima pide perdón , perdón.

Intervén de novo o Sr.Suárez Barcia que retoma a súa intervención sinalando que por parte do IGVS se pediu a entrega dunha serie de documentación , que se foi entregando ó longo dos meses ,e chega o día de hoxe para ratificar o que no seu momento acordouse de urxencia , pois aquí a Corporación, e que vaia por diante tamén votou unha cousa, afortunadamente, aínda que case nunca se poñan de acordo e agora trátase de ratificar o que fai dous anos se votou e aparte diso aínda que efectivamente, no documento que envían dende o IGVS (e o Concelleiro interveniente matiza que é non é en ningún caso representante do IGVS aquí, nin moito menos) tamén en función do informe de Secretaría se marcan uns prazos respecto a entrega de un ben e se sinala que sucede se non se cumpren os obxectivos pero que considera que en todo caso a súa opinión é que non se vai desbotar nin de lonxe os prazos máximos que marca o Regulamento de Bens das Entidades Locais e conta que en pouco tempo poden ter noticias ao respecto da licitación do proxecto das obras destas vivendas de Protección oficial de Promoción pública para Ribadeo , e que sen lugar a dúbidas van ter unha forma constructiva e van a ser un elemento digno para Ribadeo, e que non lles caiba a menor dúbida.

Volta a intervir en segundo turno o Sr.Fernández-Reinante que manifesta que sí , que perfecto , pero que insiste en que sería moito mellor que ese solar se subhastase e con ese solar aos prezos de mercado de hoxe, estaríase falando de mais dun millón de euros o que se podería chegar a recibir por el , e polo tanto cun millón e pico de euros imaxínese o Sr.Suárez Barcia como Primeiro Tenente de Alcalde , os metros que se poden pór a disposición do IGVS da Consellería de Vivenda e que quere insistir en que serían máis.

O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Fernández-Reinante se leu o punto da Orde do día ao que responde o Sr.Fernández-Reinante que sí pero ademais....

O Sr.Alcalde repregúntalle que di (a Orde do día) e o Sr.Fernández-Reinante di que non, que interveu respecto a unhas palabras que dixo o Alcalde para contestarlle e que o propio Alcalde recoñeceu que a política pode facer traer ese tipo de acordos co cal o acordo tampouco lle debeu de gustar bastante.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina que manifesta que preferiría quedarse coas primeiras intervencións , pero é que lle abriu a porta o Primeiro Tenente de Alcalde e a armaron, claro, xa que o primeiro que lle dí e que fai dous anos que se acordou a cesión , e

hoxe a menos de dous meses das eleccións municipais, que casualidade , e que claro, agora que en pouco tempo xa se vai levar a efecto e se vai adxudicar, claro, que remedio , e toca avisar que agora vai todo en pouco tempo e pregunta se non é así.

Prosegue intervindo o Sr.Rodríguez Andina manifestando que para contrastar todo isto ten a esperanza de que non se van esgotar os prazos e que Deus lles librara, que despois de facerlles, e sobre todo facerlles os servicios administrativos facer todo o traballo , o expediente aos Concelleiros, reunirse para o terreo , que ao final deixaran esgotar os prazos e lle revertiran o terreo outra vez, e que sería o colmo do cachondeo, e que iso non pasou nunca, e que non lles da garantía de nada e que é lóxico, senón a da o IGVS non a vai dar o Sr. Suárez Barcia porque non é representante do IGVS, loxicamente.

Prosegue manifestando que van deixalo, que non lle dea a primeira volta, que na primeira volta están todos de acordo , que é unha boa medida, e efectivamente non era a idea inicial , pero ante dúas queixas tampouco excesivas, todos se puxeron de acordo e van deixalo aí, e que non lle dea máis voltas non vaian marear a perdiz, e deixar as cousas moito peor do que empezou.

Por parte do Sr.Alcalde remátase o debate sinalando que unicamente dicirlle ao Sr.Rodríguez Andina que durante estes dous anos, lévanse facendo unha serie de informes a requirimento do IGVS como foi un informe xeotécnico, ou a cualificación da parcela é dicir que non se estivo de brazos cruzados, pero que nestes dous anos houbo unha serie de tramitacións que houbo que levar adiante que é que demoraron un pouco esta cuestión, ata que o IGVS solicitou por escrito o que se está tomando hoxe, que é a cesión definitiva de terreos.

Por Secretaría se ten emitido informe, no expediente, do preceptuado na normativa vixente e especificamente nos artigos 109,110 e 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)e do establecido no artigo 47. 2 ñ) da Lei 7/1985, requirindo maioría absoluta legal.

De seguido por doce votos a favor (seis dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular, 3 dos membros do Grupo Municipal Socialista e 3 dos membros do Grupo Municipal do BNG) e coa abstención do Sr.Fernández-Reinante Salvatierra, reunindo a maioría absoluta legal, acórdase:

1º. A aprobación inicial da cesión ao Instituto Galego de Vivenda e Solo da finca 26230 de uso residencial e cunha superficie de 505,49 m2 inscrita a nome do Concello de Ribadeo que ten os seguintes lindes:

2º.-A exposición ó publico polo prazo de 15 días de conformidade co disposto no art.110 do RD 1372/1986 (RBEL).entendéndose elevado a definitivo ó acordo de non formularse reclamacións fronte ó mesmo.

3º.-Facultar a alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

200710/13. ACORDOS PLENARIOS RELATIVOS Á NOVA EDAR DE RIBADEO.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Por a Alcaldía-Presidencia se explica que se trata de adoptar os compromisos plenarios relativos a Estación depuradora de Ribadeo.O Sr Rodríguez Andina pregunta si se lle pode eximir de taxas, licencias de obras e todas esas cousas, tendo en conta que se lle exime á empresa contratista, e claro, e non á Xunta.

Por parte de Secretaria sinalase que no acordo se exige a Augas de Galicia e dáse conta de que existe un estudio de viabilidade da EDAR.

O Sr Rodríguez Andina o que pregunta e o que pregunta e se lle quere contestar ben, si none que a pregunta ten sentido e que sempre había problemas coas licencias de obras.

O Sr Alcalde manifesta que o seu grupo vota a favor e o Sr Rodríguez Andina que o Grupo Popular vaise abster, dictaminándose por catro votos a favor(dos membros dos grupos municipais socialistas e do BNG) e tres abstencións(dos membros do grupo municipal popular) propónse o Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras e a posterior explotación das instalacións da estación depuradora de augas residuais.

2.- comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras , así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

3.- renuncia expresa a retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

4.- Compromiso de asumi-la explotación , mantemento e conservación das redes de colectores , emisarios , impulsións , e calquera outra instalación situada fora dos terreos da estación depuradora de augas residuais , despois da súa execución.”

Iniciada deliberación intervén en primeiro lugar o Sr.Alcalde que manifesta que entenden que este punto representa moito para o que vai ser o futuro de Ribadeo , e que é unha inversión importantísima ,a levar adiante pola Consellería de Medio Ambiente e que hai o Estudio de viabilidade feito, coa ubicación nas proximidades de donde está a actual depuradora e o Concello terá que aportar eses terreos que se lles demandan para poder ubicar alí, e que representa un investimento que supera con creces o millón de euros.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que sinala ao Alcalde que ambos estaban en Cervo, co anterior goberno da Xunta de Galicia, e sabe en que momento coñeceu os proxectos e os planteamentos da anterior Xunta de Galicia respecto do Concello de Ribadeo, que eran bastante mais dun millón de euros , non todos dun golpe, e xa era Alcalde o actual , e na xuntanza estaba o Concelleiro que está a intervir representando á Deputación Provincial , e polo tanto quere dicir que non é ningún invento novo tampouco, quere dicir que esto entra dentro dun Plan existente que entraba Ribadeo , entre outros moitos municipios , porque non deixa de ser unha esixencia da UE, e polo tanto como tal esixencia da UE habería que contemplala e iso xa estaba contemplado.

Prosegue manifestando que non quere equivocarse moito pero cre que era unha cuestión en anualidades, cuestión de miles de millóns das antigas pesetas o que había que facer ao final para que o saneamento de Ribadeo estivese nas condicións que marcaba a UE e que o Alcalde recordará porque tamén estaba alí.

Así mesmo manifesta que polo tanto, o primeiro que ten que dicir é que non se están inventando nada, non están sacando nada especial, especial sí, pero non que non estivese xa previsto , e que o Alcalde e o Concelleiro interviniente son testemuñas diso e que iso é o primeiro. O segundo , a esperanza por parte do Grupo Popular de que a cousa vaia máis rápida que a obra na que lle parece que o Sr.Pérez Vacas xa estaba de Alcalde , cando se puxo a primeira pedra que é o saneamento que viña dende o Campamento da Devesa ata Rinlo.

O Sr.Alcalde respóstalle que non colocou a primeira pedra pero si estaba á fronte da Alcaldía.

O Sr.Rodríguez Andina pregúntalle se estaba o Sr.Pérez Vacas de Alcalde, e que ben, pois que vaia un pouco máis rápido, porque senón aviados van , vanse xubilar absolutamente todos os que están aquí, ben, algúns xa se xubilaron pero todos os demais se van xubilar pero isto vai seguir, e quere voltar a dicir que a exención de taxas e de licencia se lle fai, se lle comunica a Augas de Galicia , pero se lle fai á empresa adxudicataria, e que se lea como se lea, e iso quere destacalo.

Sinala así mesmo o Sr.Rodríguez Andina que por último neste punto sucede o mesmo que no punto en que falaban antes das vivendas sociais, que todos os compromisos son para o Concello , e ten que dicir algo e é que ten aquí , que entre a documentación que lles piden, hai unha certificación de dispoñibilidade de terreos, e que non saben se ao día de hoxe poderían dar unha certificación de que dispoñen de todos os terreos e na que se faga constar expresamente... e manifesta que está lendo o documento de Augas de Galicia.

De seguido deliberase entre o Sr.Alcalde e o Sr.Rodríguez Andina sobre o escrito de Augas de Galicia toda vez que o Sr.Rodríguez Andina non dispón no momento da súa intervención das dúas follas do escrito de Augas de Galicia.

Por Secretaria sinálase que o escrito de Augas de Galicia ten dúas partes e a primeira delas é a que se somete a este Pleno , e logo unha vez que se remita o anteproxecto ao Concello por parte de Augas de Galicia, será cando se emita un informe con esa certificación pero este compromiso é previo para que fagan ese anteproxecto.

O Sr.Fernández-Reinante intervén para manifestar o seu voto favorable , e congratularse porque é quizais unha das máis importantes xestións deste goberno municipal, que aínda que non é unha realidade , parece que o vai ser.

Intervén o Sr.Suárez Barcia, do Grupo municipal do BNG que di que o seu grupo tamén se congratula igual que todo o mundo , e que hai unha directiva europea de finais dos noventa , que ten un prazo , que cre que ata o un de xaneiro de dous mil seis, que todos os núcleos de máis de dous mil habitantes deben ter unha depuradora, non como a que existe agora mesmo, que é dun pretratamento sen mais, senón unha depuradora máis biolóxica e agora trátase de dar cumprimento a todo isto, e manifesta que lle parece fantástico , e agardan que dentro de pouco estea iniciada a obra, pero que non máis tardar dun ano de execución de obra , pois aló para o ano 2008 e 2009 pensa debe estar a funcionar a nova depuradora que vai a albergar pola súa dimensión tanto os residuos domiciliarios da vila de Ribadeo , como de todas as parroquias costeiras donde se está facendo o saneamento integral.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina que dí (en referencia ao Sr.Suárez Barcia) que sempre lle dan pé , que o seu grupo está feliz como todo o mundo pero que xa postos a particularizar tanto respecto á normativa europea, é que claro, o concelleiro interveniente (en referencia a sí mesmo e o Sr.Alcalde)estaba alí na reunión, e lle recorda que hai que chegar dende Rinlo ata Vilaselán, que senón van fatal, e que por moito que lle faga a EDAR para 2008 ou 2009 , como non cheguen dende Rinlo ata Vilaselán o teñen cru, e hai que rematar as parroquias da rasa costeira , e hai que empezar a traballar no saneamento das parroquias do interior, é dicir que coa EDAR sola tampouco van a ningún lado.

Intervén o Sr.Fernández Reinante , que manifesta que quere dicirlle ao primeiro Tenente de Alcalde que efectivamente hai unha normativa europea , pero aínda que non houbera unha normativa europea a estación depuradora é necesaria.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Fernández-Reinante que sí, pero o problema parte da normativa europea evidentemente e como o Sr.Fernández-Reinante coñece pola súa experiencia como

Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, e o problema está no financiamento destas obras importantes para todos.

De seguido, polo Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

- 1.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras e a posterior explotación das instalacións da estación depuradora de augas residuais.
- 2.- Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras , así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.
- 3.- Renuncia expresa a retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.
- 4.- Compromiso de asumir a explotación , mantemento e conservación das redes de colectores , emisarios , impulsións , e calquera outra instalación situada fora dos terreos da estación depuradora de augas residuais , despois da súa execución.”

2007/11/14. DACIÓN DE CONTA DE PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA SERVICIOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Por parte do traballador social municipal procédese a efectuar unha explicación á Comisión informativa dos principais conceptos e contías que integran a petición para Servicos Sociais concertados para o ano 2007, facéndose referencia de xeito explícito ó incremento substancial con respecto ó do ano pasado fundamentalmente por dúas cuestións , tres cuestións , e que unha é o aumento en axuda a domicilio que ten en conta na Lei de dependencia para quen teña un 75% de minusvalía ou sexa gravemente dependente ou que teña tres horas de servico o día .

Refírese así mesmo ó centro de día, para o que fixo o calculo para todo o ano entón tamén figura este incremento tamén bastante grande, e a un programa novo que é o de “xantar sobre rodas” que é un catering que complementaríase o servico de axuda a domicilio e que se abrirá a outra xente a posibilidade , aínda que non estivese en axuda domiciliaria , explicando que consiste en servirles a comida xa preparada na súa casa e co custo que aparece reflectido.

Manifesta tamén que parece un incremento sustancial aínda que basicamente serían aportacións de usuarios, que procedera de aportacións de usuarios de varias programas, vivenda comunitarias, centro de día , xantar sobre rodas que tamén pagaran unha parte e axuda do fogar.

Sinalase así mesmo que o presuposto é no total de 518.978 euros do que se lle pide a Xunta a cantidade de 289.181,22 euros.

Toda vez que se manifesta polo Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que se absteñen e polo Sr. Alcalde que votan a favor , sinalase por Secretaría que o trámite esixido na orde reguladora da convocatoria e de dación de conta ó Pleno.

Pola Comisión dictaminase favorablemente a dación de conta ó pleno municipal do asunto de petición de subvención para Servicos Sociais de atención primaria.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Alcalde que fai referencia a que

o que se trata é de facer a petición que se realiza todos os anos ,e que hai un incremento con aportación que vai a presuposto municipal e así mesmo hai un incremento notable de petición de axudas a Xunta de Galicia.

Prosegue manifestando que este ano viuse aumentado notablemente a subvención para que o propio Concello puidese atender a xestión do Centro de Día, e que cren que isto é a práctica dos últimos anos de todos os gobernos, e que o departamento de servizos sociais a través das unidades de que dispón, fai a atención e se debe recoller con esta petición á Xunta de Galicia da cal se está recibindo antes e agora un importante apoio.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que está totalmente de acordo en toda a exposición que acaba de facer o Sr.Alcalde , pero que hai un problema , e hai un problema legal , e é que non se ten presuposto e están traballando , e non teñen presuposto non por culpa da oposición , senón porque o goberno non confeccionou o presuposto , e están traballando cun presuposto prorrogado, o do 2006, e que no presuposto prorrogado hai determinados asuntos que se poden asociar a esa prórroga e outros non se poden asociar.

Prosegue sinalando que o que non se pode é prorrogar máis cantidade da que estaba prevista, e resulta que a cantidade que o Concello pretende e se compromete a aportar este ano para o Plan concertado é superior á que estaba contemplada no presuposto do ano 2006 e que se a cantidade é superior non hai prórroga que valga, é dicir que nunha cantidade superior non hai prórroga, e que non podería existir tal prórroga porque non é prorrogar nada, é en todo caso incrementar, e incrementar non se pode nunca, e que polo tanto estando de acordo en que hai que acollerse a este plan concertado, o que teñen que dicir é que este goberno municipal na súa ineficacia fan imposible legalmente acollerse a él, nestas cantidades que aquí se escriben.

Prosegue afirmando que o seu grupo entende que non é en absoluto legal, e polo tanto fan advertencia de que non é legal , e de que van votar en contra, exclusivamente porque a cantidade da aportación municipal é superior á anterior, e non é legalmente prorrogable, non polo plan concertado.

Por parte do Sr.Alcalde respóntase que entenden que sí se pode continuar co traballo que se está facendo en Servizos sociais , e que pensan que a prórroga do presuposto reflectirá a cantidade que se vai acordar agora , se se acorda , e que o acordo plenario aínda que estea o presuposto nestes momentos prorrogado , como moi ben falou o Asistente Social, o incremento de usuarios aportará esa cantidade a maiores , que vai no presuposto municipal e entenden que o que non se debe é suprimir a importante labor e que con esta petición que se fai de subvención para Servizos sociais de atención primaria ,con cargo á partida municipal presupostaria, sí que se pode tomar , porque os acordos plenarios que así o reflecten

Volta intervir o Sr. Rodríguez Andina que replica ao Alcalde que o que lle acaba de dicir lle dá igual.

O Sr.Alcalde respóntalle á súa vez que sí lle da igual, porque aparte da partida,que se supera neste ano en 20.000 euros se lle está dicindo que a partida de usuarios proporcionará esa diferenza de ingresos.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez dí que o vai a proporcionar ou non , e que tamén o ano pasado había unha aportación dos cidadáns , que é dicir que non se pode computar así, e lle dí ao Sr.Alcalde que o sinte na alma , e que tiña o Alcalde unha partida presupostaria , que si os datos de que dispón non son errados, era de 208.000 euros no ano pasado.

O Sr.Alcalde pregúntalle sobre o que ten este ano.

O Sr.Rodríguez Andina resposta ao Sr.Alcalde que este ano ten 229.000 e polo tanto ten 21.000 euros máis, e que en lugar de cometer unha ilegalidade que é o que o Alcalde propón , pídelle que se reduza , e que lle garante , que se reduza a 208.000 euros, e outra vez se lle toca que vaian máis áxiles para ter o presuposto aprobado, e que se fixen no fácil que é , que non lle está dicindo que estea mal o plan concertado, lle está dicindo que o que están facendo o equipo de goberno e non él so, porque lle acompañan máis, está mal feito, e polo tanto van votar en contra delo , porque entenden que non é legal.

O Sr.Alcalde toda vez que o Sr.Rodríguez Andina volta a pedir que o reduzan dille que o punto é de dación de conta.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez pregunta se non hai nada que votar, e ou sexa que se vota en comisión e non se vota aquí.

Por parte de Secretaría se sinala que o trámite é dar conta ao Pleno.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta que foi o que se votou en Comisión , que se dea conta ao Pleno, sinalándose por Secretaría que foi un dictame favorable, e que se votaba dar conta nada máis.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta a continuación que votaron en Comisión e pregunta se se podían ter negado a dar conta ao Pleno e pide que non lle tomen o pelo , e que fagan o que queiran , e que segue facendo a advertencia.

O Sr.Alcalde respóstalle que faga a advertencia que queira , que isto é o que se veu facendo todos os anos , e pregunta se lle está escoitando, e que cando o Sr.Rodríguez Andina foi Alcalde , dáballle conta ao Pleno da subvención que é o que está facendo este goberno igual que fixo o Sr.Rodríguez Andina e nada máis.

O Sr.Rodríguez Andina replica á súa vez que non o pon en dúbida, que non está discrepando do método , e que o Alcalde da conta , pero lle está advertindo que do que está dando conta non é legal , porque rebasa as cantidades do ano anterior , e polo tanto non é prorrogable , e que non está discutindo que o método sexa dar conta ou aprobalo aquí, o que lle parece absolutamente ridículo, é perdóelle pero é que lle parece ridículo e que votaran en Comisión non sabe que, ou sexa que o tema era dación de conta ao Pleno do Plan , e que era o que votaban, e son tan ridículos que en Comisión votaban se daban conta ao Pleno da petición.

O Sr.Alcalde resposta que da petición.

O Sr.Rodríguez Andina á súa vez di que menos mal que se abstiveron.

Intervén o Sr.Fernández-Reinante que di que como está vetado nas Comisións Informativas non sabe exactamente como está este punto.

O Sr.Alcalde respóstalle que non está vetado, ao que contesta o Sr.Fernández-Reinante que non asistiu ás Comisións Informativas, e o Sr.Alcalde lle dí que non forma parte de momento de ningunha.

Volta a intervir o Sr.Fernández-Reinante que manifesta que pode ser unha apreciación subxectiva súa, pero de todos os xeitos quere dicir que ten razón o Sr.Rodríguez Andina e non sabe se hai posibilidade de aprobarse en principio coas mesmas cantidades e despois que aproben o orzamento , e fagan unha modificación presupostaria, e iso sí que non o sabe, pero en todo caso os servicios xurídicos deberían de informar.

Intervén o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que dí que , brevemente , e sen ánimo de ser Interventor nin Secretario nin nada deso e simplemente como Concelleiro que leva dende o ano 2003...

Interrómpeo o Sr.Fernández-Reinante que manifesta que non estivo na Comisión Informativa

O Sr.Suárez Barcia prosegue a súa intervención manifestando que no ano 2007 increméntase máis que no ano 2006 , e que moi ben, lle sae todo moi ben e que no ano 2006 non ten aquí os datos, pero está seguro , está convencido de que o Plan concertado foi superior cando menos no IPC, polo menos no IPC, porque sempre é así, sobre o ano 2005.

Prosegue afirmando o Sr.Suárez Barcia que no ano 2006 o orzamento municipal aprobouse en xullo de 2006 , e supón que o Plan concertado se aprobaría por estas datas, e que entón estar aquí e vir aquí a remover Roma con Santiago para dicir que están obrando mal, que non o sabe, pero así se fixo sempre, e non sabe a qué ven tanta historia , pois hai Concellos achegados aquí da cor política que non é a de Ribadeo, nin a do concelleiro interviniente concretamente que aprobou o orzamento a final do ano e non sabe que fan entón durante todo o ano e non deben aprobar nada e se lle queren dar voltas que lle dean voltas, pero que lle parece unha discusión de ollomoles, e que vaia.

Volta intervir o Sr.Fernández-Reinante que simplemente quere dicir e insiste en que ata agora asistía ás Comisións Informativas e neste momento non, e que de todos os xeitos que aproben o orzamento, e que é a solución.

O Sr.Rodríguez Andina, dirixíndose ao Sr.Suárez Barcia dille que sempre, sempre a ignorancia da lei, se sabe aquilo de que a ignorancia da lei non exime do seu cumprimento, e preguntalle se comprende e agora lle están dicindo que legalmente eso non se pode facer , e que se houbera feito mal ou que ninguén houbese feito advertencia pois ben , pero agora llo están dicindo , e polo tanto xa non é ignorancia da lei e lle están dicindo a vostede como son as cousas e agora xa o saben , entonces quere insistir se isto é un diálogo de ollomoles o da Comisión informativa , a dación de conta dun tema a un Pleno e non votar en pleno esa dación de conta, un día que llo expliquen, non fai falla agora, a ver si o entende.

O Sr.Alcalde , dirixíndose ó Sr.Rodríguez Andina sinálalle que o que o Alcalde repite é que o que se está a facer aquí , é o que se fixo durante os últimos anos do mandato do Sr.Andina , e que probablemente ó mellor tamén estaba mal feito, e que van a tomar nota para que a próxima Corporación o faga mellor.

Tras deliberación cúmprese co trámite de dación de conta ó Pleno Municipal da Resolución da Alcaldía de 1 de marzo de 2007 de aprobación de solicitude destinada a prestación de Servicios Sociais ao abeiro da Orde de 31 de xaneiro de 2007 (DOG de 7 de febreiro de 2007) de Axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinadas á prestación de servicios sociais polas Corporacións Locais.

2007/12/15. ACORDO PLENARIO PARA A EXECUCIÓN DA 5ª FASE DO CONVENIO DA ARI DO CASCO HISTÓRICO.

Por parte de Secretaría dáse lectura ao dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dáse conta pola Alcaldía de que con data 2de marzo de 2007 tivo entrada no Concello escrito da Consellería de Vivenda e Solo, Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda no que se interesa a remisión , de ser o caso, da certificación do pleno acreditativa da aprobación das achegas deste Concello para o financiamento das actuacións que se propoñen pola Oficina

da ARI do Casco Antigo de Ribadeo para a 5ª fase do Convenio da Area de Rehabilitación , e que se comprometen ao aprobar a Memoria de referencia.

Trátase de 5 actuacións cun orzamento de 30.000 euros dos que a aportación do Concello é de 13.500 euros.

Por Secretaría dáse conta de que o ano pasado non se efectuou este tramite pero se voltou o sistema anterior, sinalándose polo Sr Duarte Díaz que se voltou ó bo sistema. Por Secretaria explicase que é unha petición de certificación de acordo plenario acreditativo da aprobación das achegas para o financiamento das actuacións sinaladas e que se complete unha memoria e que esta é a base para que se elabore un convenio que a súa vez aprobe a Corporación.

Intervén o Sr Rodríguez Andina do grupo popular que manifesta que teñen que presupoñer que tanto no plano concertado de antes como nestas certificacións de compromisos de achegas entran dentro das posibilidades dun presuposto prorrogado. Por parte de o Sr Interventor Accidental manifestase que o importe que hai para esta 5ª fase e de trinta mil euros e que o Concello ten que aportar 13.500 euros e dado que o novo presuposto non esta aprobado e para que a próxima Corporación, quen sexa, adquira o compromiso firme de poñer no Presuposto esos 13.500 euros.

En relación a outra pregunta do Sr Rodríguez Andina o Sr Interventor Accidental manifesta que esto está no presuposto de inversión e que non é como si fora de gastos correntes e que no informe e considerando o criterio de que se adquirira o compromiso tanto pola Corporación que existe agora como da que esteña despois para que o inclúa no presuposto da entidade.

O Sr Rodríguez Andina prosegue preguntando sobre a prorroga presupostaría e sobre que é o que se prorroga si o investimento, o gasto corrente ¿ ou que ? e que esa e a súa pregunta e que en base a iso se prorrogan os investimentos porque si non estase no aire, facendo un compromiso a futuro de a ver o que veña, deixarlle o asunto amarrado e pregunta si a prorroga supón unha prorroga de investimento e que alguén lles terá que contestar si a prorroga do presuposto vale para esto ou non. E que esa e unha pregunta e se absteñen ata o luns para poder opinar e agardan respostas.

Deliberase a continuación respecto do prazo de dez días concedido para desde que se recibiu o escrito para presentación do presuposto das actuacións, da memoria programa e certificación do acordo plenario .Por Secretaria se da conta da recepción o día dous de marzo e do prazo establecido para aportar ese compromiso, e de que a cinco actuacións previstas que non se determinan, que serán para o ano 2007 en relación a ese porcentaxe serán para unhas obras que non están aínda definidas nin aprobadas, un porcentaxe do que o Concello terá que aportar 13.500 euros, e que hai que aportar ese compromiso de acordo plenario para que se financien as actuacións sinaladas mais adiante, e que hai un estudio que asina o ARI.

Prosegue a deliberación reiterándose de novo a pregunta si é valido ou non legalmente pola prorroga presupostaría en relación a contía, e o Sr Duarte Díaz manifesta que lle parece pouco e o Sr Alcalde sinala que tampouco é moito.

De seguido pola Comisión informativa por catro votos a favor (dos membros dos grupos municipais socialista e do BNG) e tres abstencións (dos membros do grupo municipal popular) dictaminase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a adopción dos compromisos a que se refire o escrito do IGVS en relación coa quinta anualidade da ARI de Ribadeo, proponendo o Pleno a adopción dos acordos sinalados.”

Iniáase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rodríguez Andina que manifesta que na Comisión Informativa se lle dixo que se lle daría , o luns , a resposta á dúbida, e entón quixera que se dera a resposta á dúbida, aínda que ten a súa opinión.

Por parte da Alcaldía se da a palabra ao Sr. Interventor acctal. do Concello que manifesta que o R. Decreto 500/90, de 20 de abril dí que soamente son prorrogables no presuposto os gastos correntes, non sendo prorrogables os presupostos de inversións, agás os que sexan de carácter plurianual , que xa teñen que estar aprobadas con antelación . Esta Intervención considera que o caso que foi á Comisión o outro día ,que é unha nova fase, pola que se firma un novo Convenio e que no presuposto do exercicio anterior está contemplado nunha fase e finalizou co presuposto do exercicio, o cal require que sexa a aprobación do pleno para a 5ª fase de Rehabilitación do casco histórico de Ribadeo.

Prosegue manifestando que isto conleva consigo que a aportación municipal sería de 13.500 € como xa se manifestara con anterioridade, na última xuntanza, pois pode que ou ben se perde a subvención que lles pode aportar a Consellería de Vivenda , ou o Concello deberá tomar o compromiso de incluír nos presupostos do próximo exercicio a consignación que piden.

Pregunta de novo o Sr. Rodríguez Andina se entendeu ben, non se pode, respostándose por parte do Sr. Alcalde, que o que esta dicindo o Sr. Interventor é o que cree interpretar e que o que queren que se tomé aquí o acordo para firmar coa quinta fase de convenio e o pleno acorda que , como decida o goberno consignar no presuposto os 13.500 euros, firmase o convenio e queda consignando no presuposto de 13.500 euros, e xa está.

O Sr. Rodríguez Andina volta a intervir sinalando que lle acaban de dicir que as inversións non se poden prorrogar, non é tampouco exacto pero lle vale o mesmo , e lle están dicindo que como non se poden prorrogar tomen un acordo segundo o cal os que veñan, o metan nos presupostos, e que iso non é o que lle pide o IGVS que pide un compromiso.

O Sr. Alcalde respóstalle que claro , compromiso plenario, voltando a intervir o Sr. Rodríguez Andina que manifesta que o que pide o IGVS é un compromiso plenario da aportación , e os seguintes que veñan e xa se verá se están ou non están ou como están van aceptar o que dí este Pleno que non ten ningún poder legal para dicilo porque non o ten.

O Sr. Alcalde respóstalle que cren que o compromiso do Concello de continuar coas inversións que se están facendo do ARI, no casco vello, en canto a rúas, etc., das obras cree que non é ningún acordo realmente extraordinario que se consigne no presuposto 13.500 euros para poder firmar e adquirir o compromiso de que continúe o ARI ou que non continúe.

Manifesta así mesmo o Sr. Alcalde que é así de sinxelo , se se toma o acordo e se consignan 13.500 euros no novo presuposto por quen corresponda ou por este Goberno ou polo que veña e o ARI continuará e terá a posibilidade de executar a 5ª fase do convenio e entón non sabe cal é o problema e ou segue o ARI ou non.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina que sinala que o problema é que non hai presuposto, e que se houberse presuposto , no presuposto poñían 13.500 euros e punto e final, se acababa o tema, pero non hai presuposto , co cal estase no mesmo problema do apartado anterior , do Plan concertado e como non hai presuposto , hai que andarlle buscando as trampas ao asunto.

O Sr. Alcalde nega o dito polo Sr. Rodríguez Andina.

Prosegue a súa intervención o Sr. Rodríguez Andina dirixíndose ao Sr. Alcalde dicindo que para colalo, que non se pode acordar neste Pleno e nesta Corporación unha aportación, que non se pode comprometer a unha aportación de 13.500 euros esta Corporación cando non ten presuposto, legalmente non poden, e o que ó Alcalde lle di é que aproban e lle recomentan á Corporación que veña que, cando redacte os presupostos meta 13.500 euros máis no presuposto, e que iso é unha trapallada, pero o problema non é que agora non saia, o problema é que se tiveran o presuposto xa estaba, e que é así de fácil.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina, dirixíndose ao Sr.Alcalde que mire que non é de 13.500 nin de 500 nin de 5 euros, estase falando de 5.000.000 de pesetas para 5 actuacións e non sabe que cinco grandes actuacións terán pensado facer con 5.000.000 de ptas. é dicir o que lles dixeron o outro día , e se agora vai resultar que medraron dende o xoves ata esta sesión e o xoves eran 30.000 euros dos que o Concello aportaba 13.500 euros.

O Sr.Alcalde dille que correcto.

O Sr.Rodríguez Andina prosegue intervindo e sinalando que 30.000 euros son 5.000.000 para cinco actuacións, ou sexa que ata aí chegou, e que entón non hai ningún milagre, pero lle da igual que sexan 13.500 euros ou 13 euros, e que o tema non é a cantidade , o tema é a legalidade do acordo , e o acordo, como compromiso firme da Corporación non pode existir, o miren como o miren , e que agora ben, rizan o rizo e din que si o Grupo Popular non quere son quen se carga o ARI , pois non, quen o carga e o goberno municipal por non aprobar o presuposto.

O Sr.Alcalde dí que correcto.

Volta á súa intervención o Sr.Rodríguez Andina que dí que claro e que agora o equipo de goberno non vai descargar a súa falta de traballo nos demais, e que non, non , que miren, que é que si as cousas se fixesen ben, sexan cinco ou tres, sexa benvido, a cantidade que sexa, pero fágase ben.

Intervén o Sr.Suárez Barcia que dirixíndose ao Sr.Rodríguez Andina , lle dí que non sabe de que se sorprende tanto, e que se quere poden facer un receso, e poden avaliar todos os seus presupostos durante 8 anos e a ver cando antes, que ademais non era tampouco demasiado puntual en aprobar os presupostos, se tomaban acordos sen os presupostos aprobados e pensa que a lei non cambiou dende o ano 1998 e en segundo lugar se están poñendo unhas cousas enriba da mesa totalmente sorprendentes.

O Sr. Suárez Barcia prosegue manifestando que lle gustaría coller un acordo no que no ano 2003 , estando o Sr.Rodríguez Andina de Alcalde firmaba disposicións de terreos sen ter terreos e tampouco pasaba nada, e iso supón que foi que sería responsabilidade de goberno e cree que agora por responsabilidade de goberno debese tomar este acordo.

Pregunta o Sr.Suárez Barcia se non o queren tomar, que moi ben , que son 30.000 euros de obra pública en que o Concello aporta 13.500 euros pero en total son uns 85.000 euros porque hai unha porcentaxe , e hai 55.000 euros de obra privada, de que o Concello non pon nada.

Manifesta así mesmo que dentro deste acordo o Ministerio pon 30.000 euros e a Consellería 25.000 euros e o Concello non pon nada, pero está todo dentro deste acordo e que , facer política a fan todos, e demagogia tamén, pero pensa que isto se debe acordar, haxa ou non presuposto, porque se non o acordan , seguro que non vai adiante este 5º convenio, e nada máis, e así de claro.

Volta a intervir o Sr.Rodríguez Andina que di que o equipo de goberno leva un montón de meses anunciando que está a pique de estar resolto o presuposto, e incluso o ía redactar o Sr.Fernández-Reinante co beneplácito do Sr.Alcalde, pero é que a ver se son serios, ou sexa o ía redactar naquel momento o Concelleiro Delegado de Facenda con todos os parabéns do Sr.Alcalde , e xa estaban no folclore e seguían insistindo en que o ía redactar, e resulta que toda a culpa de que se poida perder a 5ª fase é de que se aprobe isto que non é legal, e pregunta se non o é, e lle dí que lle volve a dicir o que dixo antes, que é o seu problema, e non o do Grupo Popular.

O Sr.Alcalde dí que o equipo de goberno cree que sí é legal.

O Sr.Rodríguez Andina replica que creerán que é legal, pero dende logo non van votar algo que cren que non é legal. Dirixíndose ao Sr.Suárez Barcia o Sr.Rodríguez Andina lle dí que se tomaron acordos sen o presuposto aprobado, pero xa lle dixo e lle preguntou que cousas se podían prorrogar, e que cousas non se podían prorrogar, e pregunta o Sr.Suárez Barcia se lle comprende, xa que esa foi a pregunta que fixo, e foi o que lle contestaron, e se lle contestou que non, e que a inversión non era prorrogable, e se non que lle corrixan, se lle contestou eso, e pregunta se isto non é inversión, e non é prorrogable, e punto final,non hai máis discusión, e pregunta a donde queren levar a discusión.

Intervén o Sr.Fernández-Reinante para sinalar que simplemente o Sr.Alcalde lle acaba de dicir que xa dimitiu, e en todo caso que se rectifique, que se lle cesou.

O Sr.Alcalde respóstalle que rectifica, que se lle cesou.

Rematada a deliberación polo Pleno municipal por seis votos a favor (3 dos membros do Grupo Municipal Socialista e 3 dos membros do Grupo Municipal do BNG) e sete abstencións (6 dos membros do Grupo Municipal Popular e do Sr. Fernández-Reinante Salvatierra), acordase:

1º. A aprobación da memoria e presuposto de referencia elaborado pola Oficina de Rehabilitación do Concello.

2º. A aprobación das aportacións deste Concello para o financiamento das actuacións sinaladas e por importe da referida memoria-programa da fase 5ª do Plan.

Toda vez que o Sr.Rodríguez Andina pide un turno de explicación de voto se lle concede a palabra polo Sr.Alcalde , e manifesta que non pretenden bloquear ningunha actuación municipal deste goberno nin de ningún , e que polo tanto non van torpedear ningunha actuación.

O Sr.Alcalde agradécello.

O Sr.Rodríguez Andina dí que seguen dicindo que non é legal esta proposta de acordo , e por iso non poden votar a favor, e se votasen en contra se houbesen cargado o acordo e tampouco era a súa vontade e por iso se abstiveron.

O Sr.Fernández Reinante dí que exactamente o mesmo, e o Sr.Alcalde lle dí que o mesmo que o PP, e á súa vez o Sr.Fernández Reinante contrareplícalle que sí , que exactamente o mesmo neste punto , e que non asiste ás Comisións Informativas desgraciadamente.

Por parte do Sr.Alcalde respóstaselle que xa quedou reflectido na acta e que xa o manifestou antes o Sr.Fernández-Reinante , manifestándose por éste ao Sr.Alcalde que é importante.

2007/13/16. APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E A SOCIEDADE SEPES PARA EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS CONEXIÓNS EXTERIORES DO PARQUE EMPRESARIAL.

Dáse conta do dictame da Comisión Informativa de 8 de marzo de 2007 que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía dáse conta da recepción no día de hoxe as dúas da tarde dun fax da Sociedade SEPES na que se pon en coñecemento a Addenda ao Convenio de Colaboración entre o Excmo.Concello de Ribadeo e SEPES (Entidade Pública Empresarial do Solo) coa financiación prevista para as obras de ramal de acceso e conexión de saneamento cuxo costa ascende á 1.158.000 euros (IVE excluído) que serán a cargo de SEPES e 169.000 euros (IVE excluído) que serán a cargo do Concello para financiar a obra exterior de conexión de abastecemento.

Por unanimidade sen promoverse deliberación dictaminase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a Addenda o Convenio de Colaboración subscrito entre o Concello e SEPES para a execución e financiamento das conexións exteriores do parque empresarial.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que sinala que como todo o mundo sabe xa no ano 1999 firmouse un convenio entre SEPES e o Concello de Ribadeo para levar a cabo o Polígono Industrial e nese convenio figuraba que ía con cargo ao Concello un millón trescentos e pico mil euros que correspondía ao compromiso que se adquiriu tanto respecto á rotonda de acceso como ao saneamento e outro tipo de obras, e froito das últimas entrevistas coa Dirección Xeral de SEPES esta Sociedade vaise encargar de facer dúas das tres actuacións que estaban previstas con cargo ao Concello de Ribadeo e a terceira por parte do Concello tamén xa se está recabando, e enviando a petición oportuna á Consellería de Medio Ambiente para que aporte esos 170.000 euros e é a previsión dun dos puntos que faltaba con relación a este convenio que dende fai tanto tempo todas as Corporacións pretenden levar a cabo que é o acordo do Polígono Industrial.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina que manifesta que quere primeiro felicitar ao goberno municipal por sacarlles de enriba un millón cen mil euros que é unha cousa importante, e cando as cousas se fan ben se fan ben, pero a continuación voltar a dicir que o mesmo, que van firmar un convenio cunha aportación municipal de 160.000 euros que está convencido de que non a vai poñer o concello, porque o vai xestionar o goberno municipal do da Xunta, pero que en principio hai aportación municipal e aquí non é prorrogar nin non prorrogar, e que aquí eso non existía no 2006, e pregunta entón de donde saen os 169.000 euros.

Por parte do Sr.Alcalde respóstase que do acordo plenario que toman hoxe.

Intervén de novo o Sr.Rodríguez Andina que contesta que parece que non se dan conta que hai unha norma e unha lei, e que a lei non é que no Pleno se reúnen e aproban o que lles peta, pero que alá o goberno municipal , non lles vai explicar mais, o seu plantexamento (do Grupo que representa) é exactamente igual que no punto anterior e a votación vai ser exactamente igual que no punto anterior , e que alá o goberno municipal pero que lles advirte que isto non é legal, pero ben, xa non sabe como llo vai dicir.

Intervén a continuación o Sr.Fernández-Reinante que dí que ben, que segundo parece están tomando acordos ilegais , e tamén se vai abster simplemente neste punto.
O Sr.Alcalde dille que xa.

De seguido procédese por parte do Sr.Alcalde a sinalar que se vai a proceder á votación da Addenda ao Convenio de colaboración.

Previa deliberación polo Pleno Municipal por seis votos a favor (3 dos membros do Grupo Municipal Socialista e tres dos membros do Grupo Municipal do BNG) e sete abstencións (6 dos membros do Grupo Municipal Popular e outro do Sr.Fernández-Reinante Salvatierra), acordase:

1º. A aprobación da Addenda ao Convenio de colaboración entre este Concello de Ribadeo e SEPES (Entidade Pública Empresarial del Suelo), para establecer as condicións de execución e financiamento das conexións exteriores do Parque Empresarial Ribadeo.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

2007/14/17. ROGOS E PREGUNTAS.

De seguido pola Alcaldía-Presidencia procedese a contestar os rogos e preguntas pendentes de sesións anteriores e no seu caso os formulados na sesión que se está a celebrar:

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS NA SESIÓN DE 13.11.2006 PENDENTES DE CONTESTAR NA SESIÓN DE 15.01.2007.

Por parte da Alcaldía-Presidencia manifestase que vai proceder á contestación das preguntas pendentes formuladas na sesión de 13 de novembro de 2006 polo Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular.

En relación á pregunta de: ¿Qué quere dicir o Sr.Alcalde de que vai a estudar o que facer cos Convenios urbanísticos? Respóndase pola Alcaldía:

“Por parte da Alcaldía se quixo coñecer previamente o criterio da Comunidade Autónoma e unha vez pronunciada ésta considerando que non procede neste momento a súa inclusión no Plan Xeral é unha cuestión resolta se se quere aprobar o Plan Xeral, é dicir deben seguirse as indicacións da Xunta.”

En relación a unha pregunta sobre se era normal a situación de que houbera unha urbanización con luz de obra e se nesa urbanización vive o Sr.Alcalde, respóndase polo Sr.Alcalde:

“Ademais da resposta que xa se lle deu insisto en que non é problema da muller do Alcalde como dona do inmoble que exista unha discrepancia entre a Cía. Subministradora e o constructor desa serie de inmobles que non son ningunha urbanización, sobre se a liña será aérea ou soterrada, pero iso non implica ningunha cuestión relativa a legalidade urbanística dos inmobles, senón en todo caso un prexuízo para quen reside neles, ao non dispor da enerxía suficiente, cuestión que xa está resolta.”

Respecto a unha droguería aberta en Ribadeo e sobre se tiña licencia de apertura, así como sobre unha inmobiliaria na mesma situación, preguntándose se teñen licencia de apertura e se poden estar funcionando ao día de hoxe, polo Sr.Alcalde respóndase: “Non, no se acabou o expediente, está en tramitación, e este Alcalde como os anteriores non vai pechar un establecemento que reúne todos os requisitos pola demora ou atraso que poida ter un aspecto secundario da tramitación do mesmo.

Con relación á Inmobiliaria da calle Rosalía de Castro, fai a función dunha que ordinariamente se efectúa en casetas de obra , e realmente é unha Oficina da propia constructora, pendente de outorgárselle a licencia de primeira ocupación.”

A resposta da Alcaldía e que aparte da resposta que lle deu nun Pleno anterior, sobre unha serie de preguntas sobre o vertedoiro de entullos e punto limpo, respóndase que con data 5 de marzo de 2007 dirixiuse nova comunicación á Empresa Coto nos mesmos termos que na anterior e está sen contestar aínda, todo o que se lle demandou da información requirida.

O Sr.Alcalde manifesta que vai proceder a contestar a pregunta sobre ¿Qué fixo este goberno municipal con respecto a estrada de circunvalación?

Intervén o Sr.Valín Valdés que manifesta que : “ Perdón, perdón”, na pregunta esta do punto limpo, despois terei outra ocasión de voltar a ela, fíxenlle unha pregunta, como non había datos, reclámalle datos á empresa para que lle aporte documentación , a pregunta era moi concreta, como fan vostedes unha valoración económica para sacar a concurso publico a adjudicación do servizo senón saben ou non teñen os datos económicos claros.Esa era a pregunta miña.”

O Sr.Alcalde resposta que esa era a resposta que lle deu no pleno anterior.

Proséguese pola Alcaldía respostando a pregunta sobre ¿Qué fixo este goberno municipal con respecto a estrada de circunvalación?

Respóntase pola Alcaldía:

“Realizar todos os trámites procedentes dentro das facultades que esta ten para conseguir que ao día de hoxe sexa unha realidade.”

Sobre a pregunta de: ¿ Qué fixo con respecto a autovía?, respóntase pola Alcaldía:

“reitórolle o dito na anterior. Realizar todos os trámites procedentes dentro das facultades da Alcaldía para conseguir que ao día de hoxe sexa unha realidade.”

Así mesmo en relación á pregunta formulada sobre ¿ Qué fixo este goberno con respecto ó Polígono Industrial? , respóntase pola Alcaldía:

“Reitórolle o dito nas respostas anteriores. Realizar todos os trámites procedentes dentro das facultades da Alcaldía para conseguir que ao día de hoxe sexa unha realidade; e dende logo, neste caso concreto, o feito con anterioridade por outros equipos de goberno que me precederon, non prometían o logro que se alcanzou durante o mandato deste goberno.”

Así mesmo sobre a pregunta formulada de: ¿ Qué fixeron vostedes para conseguir o Plan de Dinamización Turística ? , pola alcaldía respóntase :

“Executar o mesmo, dentro do período estipulado, de acordo coa financiamento prevista e coa realización daquelas actuacións, obras e instalacións que , en beneficio do pobo, se propuxeron polos intervinientes no desenvolvemento do mesmo. E creo que con acerto.”

En relación ás preguntas formuladas polo Sr.Rodríguez Andina igualmente respecto ao vertedoiro de entullos e punto limpo sobre se non cumpriron nada do que sinalou o Alcalde no escrito de 23 de outubro e se foron irregularidades ou so actuacións de renovación de facto, o Sr.Alcalde contesta á primeira pregunta que non aparece acreditado que se cumprira, e á segunda e terceira que “por parte da Alcaldía enténdese que foron as xestións precisas para non interromper o funcionamento do servizo mentres se tramitaba a licitación.”

Sobre outra pregunta do Sr.Rodríguez Andina sobre se “eso que fala de herdar e serve para todo e para todos”, respóntase por parte da Alcaldía que:

“Sí, as Corporacións hérdanse unhas a outras,e niso se inclúe o bo e o malo, as Sentencias de demolición, de peche de actividades, e de proxectos ilusionantes e de futuro, que melloran a calidade de vida dos ribadenses baixo un mandato ou dos que lles siga.”

En relación aos rogos e preguntas formulados no Pleno de 15 de xaneiro de 2007 respóntase pola Alcaldía do xeito que se transcribe:

ROGOS FORMULADOS NO PLENO DE 15.01.2007.

En relación ao rogo do Sr.Valín Valdés que se transcribe, contéstase pola Alcaldía nos termos que se sinalan;;

Pregunta sobre convocatoria da sesión de data 15 de xaneiro de 2007.- “En segundo lugar , ¡ home que cando se convoca un pleno que se encha de contido , e ¡vamos! , de vergoña é a orde do día que hai neste pleno.¿non? O mellor, os veciños de Ribadeo non teñen porque , non e, e o mellor enseñamoslle ...

Intervén o Sr.Valín Valdés que dí ao Sr.Alcalde: “Eu asegúrolle unha vez máis que eu non me expreso así nos plenos, pódollo asegurar, eh. Eu creo que non.”

O Sr.Alcalde dille que é a transcripción literal, como pediu o Sr.Valín Valdés, do que se graba aquí e pode comprobalo.

O Sr.Alcalde pídelo ao Sr.Valin que lle deixe rematar e que despois pode facer uso da palabra cando queira, e que non se preocupe , que o Alcalde trata de que se leve unha orde.

Prosegue o Sr.Alcalde referíndose á pregunta formulada polo Sr.Valín Valdés, cando éste último dí na sesión anterior que : "...e creo é xustificar por xustificar un pleno ordinario que hai que facer cada dous meses. A pregunta como consecuencia de todo isto é que , queríámoslle preguntar o Alcalde si por favor , como xa recolle o aparatño este, pois facerlle unha pregunta moi concreta . Si este orde do día tan escueta se debe a algo especial ou ao mellor quizás como hai estes días tantas trifulcas internas e políticas o mellor hai certo medo a que , ben pois.... poida vir algún tema importante , e que a o mellor as contas da leiteira non salgan ó final , ben resulta..., o final non sabemos se pode ser debido a eso ou non, pero gustaríanos que nos lo explicase unha vez máis. Entonces é tan sinxelo coma eso , creo que con estes dous rogos e con esta pregunta pois tamén indirectamente mostramos a nosa postura en canto a convocatoria deste Pleno,nos parece, ben, ¡de coña!.E encima co engadido da situación que estamos vivindo actualmente e non polo Alcalde en funcións , que me vale tanto ou mais co outro,¿eh?¡ gracias!"

Por parte do Sr.Alcalde respóntase do xeito seguinte:

“Como moi ben sabe, ou debería saber, as facultades de convocar os Plenos correspóndelle ao Alcalde e igualmente a confección da Orde do día, de acordo co que se dispón na Lei de Réxime Local e Regulamento de Organización e Funcionamento dos Entes Locais. Os Plenos que poden ser ordinarios, extraordinarios e extraordinarios e urxentes teñen unha Orde do día sempre, e esta unhas veces ten máis asuntos para tratar e outras menos e todo isto se fai en función dos expedientes que neses momentos están concluídos, informados adecuadamente, dictaminados e en fin que contan cos trámites adecuados para poderse incorporar a unha sesión plenaria. Por iso non debe extranarse o Concelleiro preguntante, posto que é algo habitual en calquera Concello, que unhas veces as sesións plenarias teñan máis asuntos que outras. E se a vostede lle parece de broma, é un problema seu. A mín tamén me pode parecer a súa pregunta, sobre todo tendo en conta que formou parte dun goberno durante oito anos, nos que, con case toda probabilidade, tamén unhas sesións tivesen un número de asuntos para tratar e outras sesións tivesen menos. Non está no ánimo, de todas maneiras, deste Alcalde tomarlle o pelo a ningún membro electo desta Corporación.”

O Sr.Alcalde conclúe sinalando que con relación aos plenos anteriores non ten máis preguntas que contestar, e que poden facer as que correspondan a este pleno.

Rogos e Preguntas novos.-

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que ten unha sola, porque ao fío desta última resposta a pregunta é si ese pleno a que se estaba referindo de 15 de xaneiro deste ano , ao que o Sr.Alcalde lamentablemente non puido vir, ten que recordarlle que ese pleno era o da semana anterior viña aprazado , porque o día que lle correspondía era o día 8 e se tratou de xustificar de acordo con, valga a redundancia, un acordo plenario, a posibilidade do aprazamento durante unha semana, por razóns xustificadas, e preguntalle ao Alcalde se lle parece que a orde do día do Pleno do día 15 de xaneiro xustificaban o aprazamento do Pleno do 8 de xaneiro.

O Sr.Alcalde resposta que entende que sí, que o xustificaba porque a Orde do día se elabora con anterioridade e todos os asuntos que estaban inconclusos nesa semana se podían ter terminado e non ocorreu así.

O Sr.Rodríguez Andina volta a intervir dicindo que o Pleno do 15 de xaneiro , que o ten aquí diante , non sabe que expedientes rematou o equipo de goberno, porque dí, aprobación das actas , Resolucións da Alcaldía e Rogos e Preguntas.

O Sr.Alcalde respóstalle que non se rematou ningún dos que estaban pendentes e por iso foi así a Orde do día , de tres puntos,nada mais e non lle pretenderon tomar o pelo a ninguén.

Comeza a súa intervención o Sr.Valín Valdés afirmando que; “ Ben, pois, lamentablemente un pleno máis, teño que comezar a miña intervención do mesmo xeito que nos últimos, teño que queixarme porque vostede non resposta ao que se lle pregunta, e baixo o meu punto de vista, xa o digo eu, para que non o diga vostede, baixo o meu punto de vista, so se limita a ler o que lle escribe o seu asesor; cando non son paquetes de contestacións xenéricas.”

O Sr.Alcalde interrompe ao Sr.Valín Valdés e lle pide que lle faga as preguntas que considere oportunas se quere continuar no uso da palabra, sinalando que é o turno de rogos e preguntas, preguntas ou rogos, non hai introducción.

Intervén o Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular que formula á Alcaldía o seguinte rogo: “Que asuma a súa responsabilidade, a que lle supón o cargo de Alcalde que sexa un pouco mais serio e que lle conteste o que se lle pregunta.”

O Sr.Alcalde respóstalle que rogo denegado.

O Sr.Valín Valdés formula un segundo rogo afirmando que : “Ben. Este é un pouquiño mas amplo, eh! Prégolle que lle indique ó seu asesor, que se limite a realizar o traballo que lle corresponde a un funcionario do seu nivel profesional. ¿Perdón?”

O Sr.Alcalde dille que continúe.

Prosegue intervindo o Sr.Valín Valdés afirmando que: “ Pensei que xa me cortaba , xa que había xa cortes por aí, vai a figurar no aparatiño, ademais.”

Prosegue afirmando o Sr.Valín Valdés: “Prégolle que lle indique, déixeme volver a empezar porque xa me perdín , prégolle que lle indique o seu asesor que se limite a realizar o traballo que lle corresponde a un funcionario do seu nivel profesional , que ten ademais o soldo mais alto de este Concello de entre os traballadores , e que dista moito de facerlle escritos, contestándolle as preguntas da oposición para que vostede se limite a lellos no Pleno. Acompañalo, eso si, a conta de todos os ribadenses, nos seus numerosos viaxes nacionais e estranxeiros, e falo incluso fora de territorio español, ¡non de Ponferrada para aló, eh! “

O Sr.Alcalde sinala ao Sr.Valín: “¿ Cal é a pregunta, por favor?”

O Sr.Valín Valdés prosegue dicindo “E un rogo, e un rogo , e un rogo que lle traia. Ou buscar triquiñuelas locais, perdón, ¡legais! Para entorpecer a labor da oposición. É fágolle este rogo, mais que nada para que o asesor pense que ó mellor, de casualidade, en maio cambia a tocata , e despois de tanto tempo adicado a outras cousiñas, quizais lle custe un pouco aterrizar e dedicarse ó seu verdadeiro labor.”

O Sr.Alcalde respóstalle que ben, pero como o rogo non sabe a quen se dirixe.

O Sr.Valín Valdés dí que “non , non.”

O Sr.Alcalde prosegue manifestando ao Sr.Valín que non sabe a quen se dirixe pero o Alcalde ten un , non, moitos asesores , como supoño que tamén tiveron os anteriores Alcaldes deste Concello, incluído o Sr.Valín Valdés, e que do resto prefire xa non atender o rogo, porque as viaxes do Alcalde están xustificadas como Alcalde, como os que fai o Sr.Valín Valdés , para levar adiante a súa xestión como Xerente da Fundación Comarcal Central, ou como fixo anteriormente o Alcalde de Ribadeo.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que todos creen que viaxan e fan as xestións pertinentes en busca da mellora da calidade de vida dos nosos veciños e iso débelle quedar ao Sr.Valín Valdés moi cravado e moi gravado na súa cabeza, se é posible, e que con relación a iso que me dí que lle diga aos Asesores, pois transmitireille a todos , aos moitos asesores dos que dispón o Alcalde.

Continúa afirmando o Sr.Alcalde que esa manifestación das próximas eleccións... pero ben, como non se coñece todavía a lista do Partido Popular, tampouco sabe (o Sr.Alcalde) se vai o Sr.Valín e non sabe se terá algún problema ningún dos asesores da Alcaldía, con ese novo asesoramento que terá que facer , nas próximas eleccións.

De seguido dille ao sr.Valín Valdés que continúe.

O Sr.Valín Valdés dí que “Si, soamente si me permite xa que vostede me...., me.... Polo menos por alusións. So dicirlle que sabe perfectamente...”

O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Valín se está facendo outro rogo ou non.

O Sr.Valín Valdés dí que “non, non “.

O Sr.Alcalde dille que non hai nada que contestar en rogos e preguntas e que continúe, ao que resposta o Sr.Valín: “ Terei que facelo maña nos medios de comunicación.”, replicándolle o Sr.Alcalde que é donde mellor se lle da, e o Sr.Valín á súa vez dí que “¡Si!, non lle quepa a mellor dúbida.”

O Sr.Valín comeza a intervir de novo manifestando que “ Voulle facer unha pregunta moi concreta para que despois ese asesor...”

Se interrompe a intervención do Sr.Valín toda vez que o Alcalde pide silencio por favor ao público e lle roga que manteña a compostura se é posible.

O Sr.Valín prosegue sinalando que: “Voulle facer unha pregunta , a ver...Voulle facer unha pregunta xenérica, moi directa , pero que me vai a valer para posteriores intervencións.É moi clariña.¿ Considera vostede que este equipo de goberno co seu Alcalde á cabeza ven exercendo ou dispensando nalgún caso, trato de favor hacia determinadas empresas ou particulares? “

O Sr.Alcalde dí que a súa resposta é que non.

O Sr.Valín Valdés dí que “ perfecto. Pois metémonos no primeiro dos temas, teño que voltar un día máis ó vertedoiro de inertes. E aquí teño que facerlle unha introducción loxicamente, porque senón ... non tería sentido xa, ben sabe que nas actas se recolle como se recolle, pero non tería sentido ,si non podo facer unha introducción. Entonces voulle dicir...”

O Sr.Alcalde pídelle que sexa o máis breve posible por favor, respostando o Sr.Valín que “ Ben ten que ser o breve que teña que ser, ben sabe vostede...”, e o Sr.Alcalde reitéralle que procure ser breve.

O Sr.Valín Valdés afirma: “ Pero e que si é breve, xa sabe despois que as contestacións son moito máis breves , entonces non perdamos tempo , déixeme empezar, e despois vaime cortando cando queira”.

O Sr.Alcalde dille que temos ata as 11 da noite, e o Sr.Valín Valdés comeza a dicir que “Entonces o que lle quero dicir.”

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Valín que perdoe que él é quen dirixe o debate e quen da as contestacións oportunas e xa saber que é o Alcalde, agora, antes e despois.

O Sr.Valín Valdés dí: “Si, si “, e o Sr.Alcalde dille que continúe.

Prosegue intervindo o Sr.Valín Valdés que dí que: “ imos polo vertedoiro de inertes, Levamos desde o Partido Popular varios meses interesándonos pola situación en que se atopa este servizo municipal. Voulle facer un relatorio moi breve, pero rápido. En determinado momento facemos publico, aquí no pleno e ante os medios de comunicación para que se entere a opinión publica , dunha información que nos chega sobre unha suposta orden, e digo unha suposta orden que da o Alcalde a empresa, que naquel momento era a adxudicataria do servizo, e por o que se lle indicaba que non se lle cobrara un importante vertido a unha empresa que está traballando na autovía. Chegáronnos a dicir que cuantificado economicamente podía rondar os 60 millóns das antigas pesetas ese perdón , preguntámoslle o Alcalde nun pleno e éste , quero recordar, negou esta situación.

Reiteradamente pedimos acceso por escrito a documentación completa que ten o Concello sobre a explotación deste Servizo municipal e despois de varias solicitudes ós servizos municipais e varias preguntas no pleno , aínda a día de hoxe, estamos a 12 de marzo de 2007, non temos os datos completos. E polo tanto, non temos datos nin argumentos para pensar que aquela información que recibimos non fora certa, solo temos..., solo temos a palabra do Alcalde. Temos recibos oficiais por si acaso non sabe como son , porque estas cousas poden pasar no Concello, sonlle estes que hai aquí, temos algunos recibos oficiais, temos fotografías do vertedoiro , que nalgunha ocasión , cando traigo as fotografías se me dixo que si me regalaban os reis unha cámara fotográfica e non sei que, pero ben...temos aquí unhas fotografías do vertedoiro, que lles poden ensinar fixenas eu, que non son tan boas coma as dun profesional, pero para o que quero ilustrar valen perfectamente. E ademais, aparentemente o vertedoiro contén moitísimas toneladas das que lles correspondían si atendemos as previsións iniciais. E recordo, como fixen noutro pleno, un documento que proviña do inicio, que dicía, que ben pois, que ao longo da vida útil do vertedoiro se producirían 2768, 4 Tm. e quedáballe unha vida de sobre 35 anos. Si o que aparenta actualmente é a realidade ,os 35 anos vanse quedar moi curtos. Por outro banda faltan uns recibos que sempre os pedimos e que nunca nos los ensinan , ao mellor é ese requirimento que lle fan a empresa habitualmente,¿ que ben!...cada día que pregunto por eso me dice que lle mandaron outro escrito mais...¿ Pois faltan os recibos, e vullas chamar de uso interno, que ten a empresa , que son estes distintos que hai aquí , eh? Estes que hai aquí cuantificados co pesaxe por parte da empresa , e digo que poden ser de uso interno e que ademais facíanse chegar cando gobernaba o Partido Popular o tempo que estivo no goberno coincidindo pois có inicio da explotación do punto limpo, pois a empresa mandaba estes recibos, co cal tanto se vertía, tanto se ingresaba e sabíase perfectamente o tema.

Por outra banda, encima nós denunciámos este caso no Pleno. Pregúntame vostede quen lle deu a información, dígolle que é a empresa e vostede que é tan aficionado , sempre a conta loxicamente a conta do erario público, de mandar a todo o mundo a outras instancias , ó de paz , ó de Mondoñedo, o de...”

O Sr.Alcalde sinala ao Sr.Valín Valdés que se está descentrando, que lle faga a pregunta, o que nega o Concelleiro que está a preguntar.

O Sr.Alcalde dille ao Sr.Valín Valdés que lle faga as preguntas que lle vai retirar a palabra, e pola súa parte o Sr.Valín Valdés pregunta : ¿ Pero ten algo que ocultar o Sr Alcalde?”.

O Sr.Alcalde resposta que en absoluto, e o Sr.Valín Valdés dí: “Pois entonces déixeme acabar, home...”

O Sr.Alcalde dí que ben, pero que lle faga a pregunta porque están no capítulo de rogos e preguntas e leva 5 minutos falando sen facer a pregunta.

O Sr.Valín Valdés á súa vez dille que: “ estou facendo unha exposición previa, que é necesaria”; e o Sr.Alcalde lle dí que eso está superdebatido e preguntado noutros Plenos , e lle pide que faga a pregunta ou o rogo.

O Sr.Valín Valdés dí: “Si, pero é moi curioso que vostede me quite a palabra cando lle digo a súa afición os Xulgados.”

O Sr.Alcalde dille que todavía non lle quitou a palabra e todavía non lle dixo nada dos xulgados.

O Sr.Valín Valdés, pola súa parte dí: “¡Ben! Con esto , con todo esto, este plantexamento que lle fago a nosoutros non nos saen as contas , a recadación que nos dan os papeis que nos fai chegar o Concello , e moi inferior ao número de Tm. vertidas. A pregunta e tan clara como o que vai agora. ¿ Si como me dicia nun principio, e sempre tendo en conta os datos que temos, os que non temos non podemos valoralos , si vostedes non practican trato de favor , ¿ como lle chama a esta situación? E xa me adianto a dicirille, para a súa tranquilidade, que non estou a falar nin sequera penso que ninguén se levara os 60 millóns, estou convencido de que si se lle perdoou é por esa lixeireza, de tira que non pasa nada, de que total, será por diñeiro, sen ningún problema, sera eso, e outra pregunta, cambio de tema.”

O Sr.Alcalde di que non, que perdoe que lle vai contestar primeiro a eso e o Sr.Valín Valdés dí que “Perfecto, perfecto”

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Valín Valdés que foi moi ben porque sabe que son aficionado os xulgados, en decir que é unha suposta afirmación da empresa, que foi a petición do Alcalde, porque o Alcalde de Ribadeo tamén dispón doutra información relativa ao Sr.Valín Valdés doutros papeis, que andan circulando, pero tamén son supostos, todavía de momento, foi...¡Claro que o sabe! Todavía non o puido confirmar, e entonces vai todo dentro de supostos do seu papel, ou da súa manifestación cos papeis que tamén oíu falar que circulaban por aí.

O Sr. Valín Valdés dí: “ No, pero vamos a ver.”

O Sr.Alcalde pídelo perdón indicándolle que está no uso da palabra, e que en segundo lugar respecto á pregunta que lle fai a resposta é que todo eso é debido á presunta desinformación que a empresa que ten a explotación do punto limpo mantén con o Concello, e pídelo ao Sr.Valín que lle faga outra pregunta.

O Sr.Valín Valdés dí: “ Pero vamos a ver, eu o que si non lle vou a admitir é que me ameace, esa é unha gravísima equivocación. ¿vale? “

O Sr.Alcalde dí que as únicas ameazas que aquí se verteron e constan en acta son as súas hacia a persoa do Alcalde , e non está facendo ningún tipo de ameaza, senón simplemente contestando á pregunta que lle acaba de facer.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ As miñas ameazas de aquel día están recollidas, tamén esta recollida tamén a miña solicitude de perdón por as formas.”

O Sr.Alcalde dille que ben , que todo o de aquel día forma parte do que non se debe recordar nunca nunha Corporación Municipal, e entón lle pide por favor que continúe co seu interrogatorio de rogos e preguntas.

O Sr.Valín Valdés manifesta: “Cambio de tema , vamonos ó Urbanismo. Un caso parecido o anterior, e digo parecido porque levamos falando de este tema, pedindo documentación e non se nos da a documentación. Estoume a referir a un edificio.”

O Sr.Alcalde dille que non, perdón, que toda a documentación solicitada por calquera membro do Partido Popular se facilitou nos termos que permite o Regulamento.

O Sr.Valín Valdés dí: “ Eso non é verdade, eso non é verdade.”

O Sr.Alcalde lle dí que continúe e o Sr.Valín Valdés dí: “ E vostede un mentireiro, si me dice eso é . E vostede un mentireiro so si me dice eso , eh!!”

O Sr.Alcalde dille que le fai a primeira advertencia e agarda que produza efectos, e o Sr.Valín Valdés dí “ No, no”, e o Sr.Alcalde di que lle roga que retire a palabra de mentireiro.

O Sr.Valín Valdés di ao Sr.Alcalde: “ Si vostede me dice eso , eu teño que dicirlle que falta a la verdade, ¿gústalle mais eso? “ e o Sr.Alcalde dille que vale, que perfecto, que lle gusta máis.

O Sr.Valín Valdés dí : “Terei que traer un diccionario para que vexa que practicamente é o mesmo....”

O Sr.Alcalde dí que non lle viña mal.

O Sr.Valín Valdés prosegue intervindo manifestando: “ ¡Vale! Ben logo, fago unha pregunta sobre o edificio que está situado na Avda de Galicia e que pois ten un supermercado nos baixos , ese de color amarelo , ese tan polémico e que tanto nos trae a uns e outros pola calle da amargura. É un caso parecido ao anterior, solicitamos acceso aos datos de ocupación de vía pública, fixemos reiteradas veces preguntas no Pleno , e a día de hoxe, día 12 de marzo de 2007, cos datos que temos pensamos, e seguimos a pensar , que esta empresa campa ás súas anchas, como se sole dicir, ten pechada de forma permanente unha vía que comunica Avda. de Galicia e a Avda. de América, non sabemos o que paga ao Concello por este concepto, eliminou durante meses unha beirarrúa da Avda. de Galicia, non sabemos o que paga ao Concello por este concepto, eliminou prazas de aparcamento na rúa Luz Pozo e en Avda. de Galicia, non sabemos quen lle autorizou o tema, tivo durante moitos meses nun estado lamentable cheo de socavóns, con palés de materiais, con cortes de tráfico un día sí e outro tamén, poden dar fe das miñas palabras , neste caso concreto, os veciños desa rúa. Existen numerosos informes da Policía sobre ocupación de vía pública por parte desta empresa. Á vista destas apreciacións, a pregunta elle moi directa: ¿Pagou esta empresa o que realmente lle correspondía polo uso e por a ocupación de vía pública, que ben, pois que fixo realmente?

Se como me dice nun principio este Concello non fai trato de favor, e se é negativa a miña pregunta de se a empresa pagou realmente o que lle corresponde, ¿cómo lle chama vostede a esta situación?”

O Sr. Alcalde resposta que chámalle situación de normalidade. De relación empresa - concello.

O Sr. Valín Valdés manifesta que: “ dígallo aos veciños, para que cando teñan unha obriña na casa , para o pago das taxas , que é conveniente que o saiban.”

Prosegue afirmando o Sr. Valín Valdés que vai facer outra pregunta de Urbanismo: “ Outro edificio, o edificio que xa veu máis veces aquí , que está situado detrás do Cine Teatro. É outro dos casos nos que cos datos que manexamos ao día de hoxe , temos que afirmar igualmente utilizando a frase, son redundante pero lo sinto, campa ás súas anchas; pedimos acceso en varias ocasións aos datos obrantes neste Concello e fixemos varias preguntas no Pleno, elimina aparcamento como lle peta, pola semana, os fines de semana, a vantaxe é que xa os conductores á hora de aparcar, xa apartan as vallas e meten os coches porque, ademais fan ben, fan ben. Por outro lado existen numerosos informes da Policía sobre estas ocupacións. A pregunta é similar ás anteriores. ¿Pagou esta empresa o que realmente lle corresponde? Se é negativa a pregunta, ¿como lle chama vostede a esta situación se realmente fala de que non hai trato de favor?

O Sr. Alcalde resposta que lle contesta da mesma maneira que antes, e o Sr. Valín Valdés dille que: “ perfecto, vexo que está moi ducho neses convenios con empresas.”

O Sr. Valín Valdés dí: “Pregunta doutro edificio. Existe un edificio na Lodeira que está alí, e que parece que é como si tivera un precinto porque o Alcalde ordenou que se paralizaran as obras o parecer tiña un pedazo de mais de alto. En maio de 2006 a empresa que está facendo a obra presentou un escrito. Eu preguntei unha vez por el e despois a verdade que nunca mais se soubo do escrito e no que, ben, pois pedía seguir traballando no sótano, na planta baixa , na primeira, na segunda e na baixo cuberta , porque parece ser que o problema é na terceira planta , non sei realmente de quen é a finca , non , pero están traballando alí a empresa esta e fai este escrito . Entonces eu quixera saber ¿que se lle contestou a este escrito? .

E outra pregunta ¿sabe o Alcalde se están a traballar na actualidade nesa obra , e si fora así, e dado que aquí non se practica trato de favor nin hacia a constructora nin hacia ós posibles donos da propiedade , como se lle chamaría vostede a esta situación?.

O sr. Alcalde sinala que contestará na próxima sesión.

O Sr. Valín Valdés dí “ Vale, perfecto. Igual aquí alá acaban a obra”.

Prosegue preguntando o Sr. Valín Valdés que formula a continuación a seguinte:

“Outra pregunta doutra casa. Vai de casas. Estase procedendo á rehabilitación dun edificio no casco histórico de Ribadeo, concretamente na Atalaia,. Cando comezaron as obras desde este Grupo Municipal se mostrou a preocupación , e así llo fixen constar no Pleno eu mesmo, pola desfeita que a demolición interior, supoño , coa cantidade de materiais que se quitaban , estaba facendo no espacio verde pois dese emblemático miradoiro que tén o casco urbano de Ribadeo . Aportamos unhas fotografías .Eu naquel momento fixen as fotografías pola cantidade de escombros , e mire vostede, casualmente esas fotografías son as que me traen aquí algunha pregunta mais , e é que vendo os papeis, preparando o Pleno , vexo a fotografía daquela , pásome pola Atalaia e vexo a situación actual ,e teño que facerlle unha serie de apreciacións . Teño cando menos a sensación ,cando menos a sensación- se non me escoita non lle sigo falando-, digo eu, falta lle fará , boa falta lle fará o dobre e o terceiro.... ,. Temos cando menos a sensación de que o número de ventás e maior ó día de hoxe que era aquel día , o non ser que a fotografía estivera manipulada , que creo que no. Pero ¿ten constancia deste asunto o Alcalde, de que puidera ter mais ventás abertas hoxe, das que había realmente pois fai uns meses?”

O Sr. Alcalde contesta ao Sr. Valín Valdés que non , que lle vai contestar a esta pregunta e que tamén lle gustaría dedicarlle un bo rato ao Sr. Valín para dedicarse a falar de sensacións, pero neste caso, non lle inspira o Sr. Valín para falar de sensacións, e vaise centrar na pregunta definitiva sobre esa casa.

O Sr.Valín Valdés manifesta que “ Non acabei aínda.”

O Sr.Alcalde prosegue intervindo manifestando que xa pero que lle vai contestar e que esa casa ten todas as bendicións que ten que ter , e a licencia está perfectamente en regra de todos os organismos , o municipal e o de Patrimonio e non sabe se ten unha ventá máis ou non , pero ten o que ten que ter e nada máis.

O Sr.Valín Valdés á súa vez replica ao Alcalde que: “Vamos a ver , eu fixen esa pregunta eu quero crer que o que me acaba de contestar, esta falando en serio, ¡claro!. O sexa que con todos os seus parabéns eu puido ter licencia para facer un piso e na Lodeira tiña para dous e ten tres, e seguen traballando , ¡eh! ¡Parece ser, sensacións!”

O Sr.Alcalde respóstalle que non se esqueza , que na Avda. de Asturias había unha cousa parecida e gobernaba o Sr.Valín Valdés.

O Sr.Valín Valdés á súa vez pregunta ao Sr.Alcalde: “¿Na Avda de Asturias? Non será un edificio que ten que derrubar un cacho e non se atreve a derrubarlo...¿non sera ese ou....? “

O Sr.Alcalde respóstalle que sí se atreve, e o Sr.Valín Valdés dille que: “ Pos fágao, a ver!!”, ao que resposta á súa vez o Sr.Alcalde que está esperando, a que llo pida, e o Sr.Valín replícalle que : “ Pois apure que lle queda pouco.”

Intervén de novo o Sr.Alcalde que dí a que llo pide o Sr.Valín, e o Sr.Valín Valdés á súa vez dí ao Sr.Alcalde que : “ O 27 acabóuselle o chollo!”, e prosegue afirmando que: “Seguimos entonces preguntolle , xa que me contestou si pondera falarlle deste asunto.

A continuación, de seguido con este tema volvo a ter sensación , eu son un home , ben non.... que quere que lle diga , sensible , e alégrome moito que a vostede non lle inspire ningún tipo de sensación porque iba telo cru , moi cru ¡eh! Sigo tendo sensacións , e dáme a sensación tamén de que a estrutura exterior pois puido sufrir algunha variación, Non sei si ten todos parabéns pero hai que controlar a obra, e supoño que haberá alguén que teña que controlala . Entonces, ¿ten constancia deste asunto? E outra sensación , eh! “

O Sr.Alcalde manifesta ao Sr.Valín Valdés que lle repite que esa obra ten todas as licencias necesarias e axústase a todos os permisos concedidos.

O Sr.Valín Valdés volta a intervir afirmando que: “ Ben , entonces fágolle un rogo para acabar , ¡por favor! Non apague sempre o chisme , e fágollo un rogo que é que ordene urxentemente , urxentemente llo digo , que ordene os servicios que correspondan supoño, que o Arquitecto municipal ou quen sexa , constatar este asunto , porque senón voume encargar eu de trasladar as fotografías , as de antes de agora a donde corresponda. “

O Sr.Alcalde á súa vez preguntalle se eso non o interpreta como unha ameaza, ou non.

O Sr.Valín Valdés dille que: “ A vostede non, por favor. Como vou ameazar a vostede si ademais, ben sabe que non...”

O Sr.Alcalde dille ao Sr.Valín Valdés que neste ambiente cordial lle estrañaba que rematara a súa intervención cunha ameaza.

O Sr.Valín Valdés dille que: “ No,home non.”, e o Sr.Alcalde maniféstalle que non se preocupe que se comprobará todo.

O Sr.Valín Valdés prosegue manifestando que: “Alegrome moito , me alegre moito. Ben sabe que...., vamos a ver podo exaltarme, e podo incluso entrar ou picar o anzuelo que vostede me bota habitualmente para sacarme das miñas casillas , que ademais ten esa virtude. Pero bueno sabe que non o amenazo , no , non amenazo en absoluto non quero ir o xulgado , non quero ir, eh! ¡entonces! “

O Sr.Alcalde dille que non o merece todavía, e o Sr.Valín Valdés preguntalle: “De momento, ¿no? “

Prosegue intervindo o Sr.Valín Valdés que dí que: “Bueno, xa quedan poucas , veña. Outra pregunta, en xaneiro deste ano e refírese a unha debeda dunha empresa, do Concello a unha empresa. En xaneiro de este ano o meu compañeiro, Pepe Duarte falou das débedas que tiña o Concello con provedores , fixo mención a un escrito dirixido o Alcalde por parte dunha empresa local, alguén lle dixo pois..., que había pois un escrito dirixido o Concello no cal unha empresa reclamaba pois unha cantidade importante de cartos, e os seus correspondentes interese de demora.

Poucos días, despois o Sr. Alcalde dicía nos medios de comunicación que o Sr Duarte faltaba a verdade, e que ese escrito non existía. Indudablemente, a diferenza era que o Sr Duarte había dito que estaba rexistrado naquel momento e realmente , naquel momento, ó parecer, non estaba rexistrado. “

O Sr.Alcalde dí que ao parecer non, que non estaba rexistrado

O Sr.Valín Valdés prosegue coa súa intervención e dí que: “ Ben pasaron, xa dous meses e quixera preguntarlle si, a día de hoxe 12 de marzo de 2007, ten constancia de que exista un escrito no que se reclama , no que unha empresa reclama o pago dunha débeda por un importe total de 280.731,78 euros ,e os seus correspondentes intereses de demora 52.798,83 euros, case dez millóns de pesetas. ¿ E o habitual neste concello -e a pregunta- tendo en conta aquela memorable frase, que xamas se me esquecerá, ¿será por diñeiro! Que se lle encheu a boca o Alcalde cando o dixo , ¿ E o normal pagar estas cantidades tan elevadas de intereses de demora? ”

O Sr.Alcalde respóstalle que ten que perdoarlle o Sr.Valín pero sí ten constancia porque se presentou hoxe , a pesar de que non teña esa fluidez de comunicación con esa empresa e que foi presentado no día de hoxe e ... un lixeiro análise.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Perdón , perdón foi presentado a lo mellor presentaron outro distinto, eu teño unha copia do que o presentaron o 27 de febreiro de 2007.”

O Sr.Alcalde resposta que ten un de hoxe e o Sr.Valín Valdés dí que: “ No, no é outro. Teño unha copia aquí diante ...”

O Sr.Alcalde pola súa parte dí ao Sr.Valín Valdés que unha análise moi lixeiro de este escrito faille chegar a pensar ,que dentro do bo e do malo que falon antes co seu compañeiro pois hai unha importante cantidade dende o ano 1999, 2001, 2002 e 2003 de obras que non lle deu tempo ao PP a pagar , e que claro se colle o bo e se colle o malo.

O Sr.Valín Valdés dí que: “Evidentemente.”, e o Sr.Alcalde dille que hai que facer efectivo o de Corporación, ao que resposta o Sr.Valín Valdés que: “ Evidentemente eu recordo...”

O Sr.Alcalde manifesta ao Sr.Valín que está no uso da palabra , e que unha vez que se analice se ese señor é debedor da facenda municipal, que pode darse o caso, faranse as contas e aclararase todo.

O Sr.Valín Valdés pregunta;” ¿Debedor da Facenda Municipal.? Ah , perdón, perdón.”

O Sr.Alcalde dille que sí , que pode ser ,e entón se aclaran as cousas.

O Sr.Valín Valdés volta a preguntar : “¿ Da facenda municipal?”, respostándose por parte do Sr.Alcalde que sí, sí, desto, e neste caso o representamos todos.

O Sr.Valín Valdés dille ao Sr.Alcalde que: ” Que si, que si...”.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que hai ese problema de cuestión de pago que se aclarará, pero o Concello non pagou ningún interese de demora, de momento, e o Sr.Valín Valdés dí que: “Ben, ben perfecto.”

Prosegue intervindo o Sr.Valín Valdés que dí que: “ Eu alégrome moito que diga eso das heranzas boas e malas , eu recordo que o primeiro ou o 2º pleno gobernando o Partido popular tivemos que levar un recoñecemento extraxudicial da época na que vostede era tenente alcalde, eso si no Bloque , no PSOE vense as cousas diferentes seguro , de 90 e pico millóns de pesetas, ¡lo ben y lo malo! Outra mais. “

O Sr.Alcalde pregúntalle se é esa unha pregunta en concreto ou e...

O Sr.Valín Valdés dille : “ No,estamos no ambiente cordial este que temos.”, e o Sr.Alcalde dille que continúe, o que fai o Sr.Concelleiro interviniente nos seguintes termos:

“ Claro que si home, claro que si . Vamos a ver, como seguimos con casas, eh! Este non é ningún problema de casas , son a Casa da Xuventude e o Centro de estudos Iberoamericanos. Estas dúas infraestructuras municipais que forman parte , por certo da marabillosa heranza que lles deixamos os membros do equipo de goberno anterior, e das que de vez en cando se lembran , falan de vez en cando algo , que van facer non sei que.., que van facer non sei cuanto . Creo que a Casa da Xuventude, ben pois xa esta funcionando un servizo importante , interesante na actualidade , eh..., con respecto a casa de xuventude, ¿ teñen previsto cando se vai inaugurar? E a primeira pregunta.”

O Sr.Alcalde respóstalle que non , que non o teñen previsto.

O Sr.Valín Valdés pregunta : “ Ben , ¿cales son os contidos de ese servicio municipal? ¿Están xa definidos? “

O Sr.Alcalde resposta que a Delegación de Cultura está traballando nese tema, como lles corresponde.

O Sr.Valín Valdés di que: “ Perfecto. Non , creo que é concellería de xuventude e deporte.¿ou non? Dado que se non se atreven a facer o Pleno, de traer o pleno¿perdón! ,a moción que presentamos! Digo que non se atreven na situación que estamos agora? Xa sabe, no? Por si saen mal as contas! “

O Sr.Alcalde replícalle que é moito dicir.

O Sr.Valín Valdés replícalle que: “ Ben, pois a ver que si a traen. De traer o pleno unha moción que presentamos sobre a fototeca municipal, xa non sei cantos meses,creo que ano e pico , e a súa inclusión na Casa da xuventude . Non sei si teñen medo a ese resultado.”

O Sr.Alcalde dí que ningún, e o reitera.

O Sr.Valín Valdés pregunta ao Sr.Alcalde que: “ ¿ Vai a estar definitivamente ubicada nese edificio? “ , respostándose que está a estudio da delegación pertinente.

O Sr.Valín Valdés volta a intervir manifestando que: “ Lémbrolles, simplemente como suxerencia ou anotación o que no seu día, a persoa que impulsou realmente esa tema da Fototeca , Suso Peña, “

O Sr.Alcalde dí que falecido, e o Sr.Valín Valdés prosegue dicindo que: “Pois lamentablemente , falecido.Lémbrolles que aquilo que aportou , falaba de que sitio idóneo por que a xuventude era a *alma mater* de ese proxecto da fototeca , pos que iría dedicada a el ,como non traen a moción non podemos debatirla , y ¡claro! E que si traen seguro que non lles quedaba máis remedio que incluila , ¿ ou non?

Casa de Viejo Pancho: ¿ cando se vai a inaugurar? Supoño que me dira o mesmo , ¿ Vaise respectar o contido do convenio que no seu día asinaron a Xunta e o Concello e polo que xa se dedicaría a Centro de Estudios Iberoamericanos?

“O Sr.Alcalde dí que eso foi o Concello daquel e o de agora está tratando de ver que resolución se lle da a ese Convenio.

O Sr.Valín Valdés intervén de novo dicindo que: “¿Vaise respectar a memoria do seu impulsor , Dionisio Gamallo Fierros, que era o que apartou a idea de que alí fora ese centro y exclusivamente ese centro , sen ningunha outra cousa,? dado o fondo importante bibliográfico que ten, sobre temática iberoamericana, a biblioteca e hai doazóns pendentes e ben, de que esteña aberto, ¿ vaise respectar a vontade de Dionisio Gamallo?”

O Sr.Alcalde contesta que no fondo e na práctica totalidade probablemente, ao que contesta o Sr.Valín Valdés dicindo que: “ Menos mal.”, e prosegue sinalando que: “Unha preguntuña sobre a Torre dos Morenos. En moitas ocasións, o Sr Alcalde fixo referencia,non me cabe dúbida que neste caso, así o concebía por lo menos de principio, o anterior que era de este goberno municipal continuar coa rehabilitación da Torre dos Morenos, Xa sabemos que das cubertas e de evitar que se desplomara o edificio xa nos ocupamos o goberno anterior. Non nos deu tempo a máis, ¿ que fixeron vostede nestes catro anos sobre este tema? ¿Contéstame agora ou despois?”

O Sr.Alcalde dí que contestará para o próximo Pleno.

O Sr.Valín Valdés dí que : “ Ben , ten que entrar o asesor.¿Están esperando a principios de maio para anunciar algo e intentar convencer os veciños de ese interese que teñen sobre ese auténtico emblema da nosa vila? “

Por parte do Sr.Alcalde respóstase que non, que non están agardando nada.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Ben, neste non fai falta asesor.¿Outra pregunta! ¿Estanse facendo ou fixéronse varias obras en inmobles das calles peonís, da primeira peonil que houbo , e concretamente en Rodríguez Murias, e eu recordo que en varias ocasións se colocaron ben pois, elementos protectores, aquela polémica alfombra de formigón que tivera tanta disparidade de criterios, ...”

O Sr.Alcalde comenta que era a pasarela, e o Sr.Valín dí: “ Si , a pasarela e de opinións sobre ela, en outras ocasións poñíanse gomas, e porque agora que se están facendo obras non se toman ningunha medida de esas de protección , ¿Agora ou no próximo pleno? “

O Sr.Alcalde contesta que no próximo pleno, e o Sr.Valín Valdés dí que : “ O asesor vai traballar de lo lindo ¿váiselle esixir as empresas que subsanen os desperfectos que están a causar? Porque xa teñen que facelo por lei, loxicamente , pero¿ vaise lle esixir? “

O Sr.Alcalde resposta que son respectuosos coa lei dicindo o Sr.Valín que: “ Y el orden, como dicia el otro”, e prosegue sinalando que: “Voulle facer un rogo , é un rogo porque seguro que vostede ten forma de facerlle chegar pois o interesado , dadas esas relacións que din que teñen tan boas entre as empresas e o Concello. Estoume a referir os terreos que iba a ocupar non sei si agora , a piscifactoría de Rinlo hai alí unha escavación feita nalgunhas sitios me comenta a xente que coñece a escavación que se fixo , pois que pode ter 2 metros de profundidade , esta con auga de chuvia , e vamos a ver , para que me entenda, elle unha piscina, pero é unha piscina onde pode haber algún accidente e caer unha persoa, xa por lei e como vostede me acaba de decir , somos extremadamente escrupulosos coa lei , o que pasa que con carecer retroactivo e esto e decir con atraso abundante , ¿podían tomar a iniciativa de dicirlle a empresa pois que proceda o valado e si non o fai a empresa , que o ten que facer pois que tome unha medida por si acaso puidera haber algún accidente.”

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Valín que rogo aceptado , e que lle comunica que mañá ás 11, 30 horas o Alcalde que está a falar se reúne coa empresa adjudicataria desa obra e co promotor da mesma para subsanar esas deficiencias.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Pois esperemos que de aquí hasta as 11:30 non caiga ninguén, ningún problema máis”. Prosegue afirmando que: “Vamos alá , hai outro rogo. Mire, ese é un rogo que ten un interese particular, teño que recoñecelo que é un rogo que fago eu pero por interese meu. O outro día falaba vostede dos medios e de vez en cando sae con esa frase típica dos paxariños: ¡Díxome un paxariño , non sei que , díxome un paxariño non sei canto...!Voulle... “

O Sr.Alcalde dí que unha vez dixo eso, dun paxariño, e o Sr.Valín Valdés dí que: “Ben, un paxariño. Ben pois eu, vou parafrasealo si mo permite!”

O Sr.Alcalde dille que non.

Prosegue intervindo de novo o Sr.Valín Valdés que afirma que: “ Como o emblema do partido que eu defendo ,pois e un paxariño pero un pouco gordo , pero un paxariño. Pois..., díxome un paxariño , que tanto vostede como o Sr Secretario , xa ve que agora mesmo xa me poño un pouco mais serio, tanto vostede como Sr Secretario comentan que están imputados pos..., polo tema da piscifactoría e da licencia , non sei que de Rinlo , porque eu lle pasei unha documentación pois a un grupo ecoloxista . Entonces esa e a introducción, a..., ó meu rogo , que non pode ser pregunta ,e nesta ocasión voulle a decir que non me vale, e que están faltando ámbolos dous a verdade . ¡E mentira, é mentira! Vostedes están imputados , ata o de agora , porque alguén cree que fixeron algunha cousa , ou polo menos van a tratar de ver si fixeron algunha cousa irregular. Y non lles vale tampouco para comparar, ¡eh! Co outro caso de imputacións , donde si vostede persoalmente deu os nomes de mais de varia xente , pero entre eles o Sr Andina e o Sr Duarte . E ademais deu outra cousa, deu un numero de telefono que afortunadamente , afortunadamente , pois a persoa que valorou eso, pois non seguiu para adiante co tema , pero ben é dunha barriobaixeza tremenda . Entonces rógolles a os dous,pero ben a él non llo podo rogar, transmítallo si por si acaso non me oe, que se absteñan de facer ningún tipo de ese comentario porque entonces podo eu tamén tomar algunha medida, e como estou en Mondoñedo , do meu despacho o xulgado , enseguida chegamos ,eh, aos dous.”

O Sr.Alcalde dille ao Sr.Valín Valdés que o rogo non llo acepta e o Sr.Valín Valdés di que: “perfecto”.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que en primeiro lugar porque non lle consta en absoluto a existencia dese comentario nin por parte da persoa que o Sr.Valín mencionou, nin por parte deste Alcalde, e que o Sr.Secretario , o Sr.Arquitecto municipal e o Alcalde de Ribadeo e os outros membros da Comisión de Goberno que por Decreto da Alcaldía participaron nese debate están supostamente implicados nunha dilixencias previas, abertas polo xulgado de Mondoñedo, e que entón négalle a maior, e que non houbo ese comentario, e como non houbo ese comentario, non hai nada do que o Sr.Valín Valdés dí.

O Sr.Valin Valdés, manifesta ao Sr.Alcalde que: “ Vaime forzar, para que lle diga, para que lle diga o paxariño, o nome do paxariño e vai quedar moito peor ...Vale? “

O Sr.Alcalde respóstalle que pode dicir o paxariño, o paxarraco e a urraca que llo dixo.

Por parte do Sr.Alcalde dise ao Sr.Valín Valdés que non hai a existencia de ningún comentario deso e por conseguinte no van a rectificar en nada do que non dixeron e cada un, eso sí que llo dí, é responsable das súas actuación, e o Sr.Valín Valdés das súas e dos seus comentarios se os fai e o Alcalde dos seus.

O Sr.Valín Valdés contesta que: “ Perfecto, non se preocupe que vai a haber mais ocasións para volver a este tema.” , e dí que: “Non acabei aínda, eh!”

O Sr.Alcalde dille que non ten ningunha presa, que xa llo dixo e ao mellor os seus compañeiros a teñen.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Pos que se vaia , si ten algunha présa . Non hai ningún problema eu xa os vexo todos los días. A min si se me van ,e o mesmo xa llo digo.... A vostede si se lle van perde votacións.”

O Sr.Alcalde contéstalle que non ten nada que perder en rogos e preguntas.

O Sr.Valín Valdés dille que: “ Non, pero noutras cousas.”

O Sr.Alcalde manifesta o seu agrado polos requerimentos que lle fai o Sr.Valín Valdés.

O Sr.Valín Valdés dí ao Sr.Alcalde que: “ No me estraña, no me estraña. Igual despois non durme ben pero polo menos a aparencia non é.”

O Sr.Alcalde contéstalle que como un paxariño, e o Sr.Valin Valdés replica que: “ Non llo desexo , en absoluto, que durma mal.”

O Sr.Alcalde reitéralle que como un paxariño e que outros teñen motivos para non durmir, e que o Alcalde durme a perna solta.

O Sr.Valín Valdés dí que: “ Non sei a quen se refire.”, e o Sr.Alcalde dille que ao Sr.Valín Valdés por exemplo, ao que éste á súa vez lle pregunta: “¿Qué teño motivos? “, e o Sr.Alcalde lle resposta que para non durmir, dí, e que si o Sr.Valín Valdés non ten problemas de insomnio (como pregunta).

O Sr.Valín Valdés dí: “ Eu non.”, e o Sr.Alcalde lle dí que lle informaron mal, e que foi un comentario que oíu.

O Sr.Valín Valdés pregunta : ¿Qué teño problemas de insomnio?”, e o Sr.Alcalde lle dí que continúe.

O Sr.Valín Valdés dirixíndose ao Alcalde dí: “ Sr Alcalde, Sr Alcalde. Eu díxenlle o de anzuelo antes ...no, posiblemente si , non cabe dúbida que sí”, e o Sr.Alcalde lle dí ao Sr.Concelleiro que está a intervir que lle agradecería que continuara no apartado seguinte, rogos e preguntas.

Por parte do Sr.Valín Valdés di que: “ Ben, hai outros dos rogos.”, e o Alcalde dille que o que necesite.

O Sr.Valín Valdés continúa intervindo e manifesta que: “ Si, si non se preocupe. Rógolle encarecidamente que deixe de poñer atrancos a labor da oposición, tanto nos plenos como a hora de solicitarlle documentación. Non se deixe asesorar , polo asesor este, que o que busca as triquiñuelas legais pero faga o favor e comportase de forma democrática. Non entorpeza a labor da oposición.”

O Sr.Alcalde contesta que rogo denegado , que se favorece a laboura da oposición neste Concello e que non quere recordar episodios e que non hai ningunha triquiñuela.

E o Sr.Valín Valdés, pola súa parte, dí que: “ Eso non é verdade.”, e o Sr.Alcalde dille que o asesoramento é o pertinente por todos os medios de que dispón a Alcaldía.

O Sr.Valín Valdés manifesta que: “ Recollo aquí un rogo dun compañeiro, do compañeiro Andina, Voulle rogar que rememore esos episodios ...a ver! Diga episodios. Rógolle que o faga.”

O Sr.Alcalde contéstalle que pois por exemplo llo vai recordar o interfecto, o Sr.Concelleiro López Pérez.

O Sr.Alcalde dirixíndose ao Sr.López Pérez lle dí se quere explicarlle ao Sr.Rodríguez Andina cando foi expulsado das oficinas municipais.

Por parte do Sr.López Pérez manifestase que efectivamente por orde do Sr.Rodríguez Andina se lle prohibiu a entrada por un funcionario municipal que, ben o funcionario municipal non tería culpa e reitera que se lle prohibiu a entrada nas Oficinas municipais.

O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Valín Valdés se algo máis e este manifesta que: “Outro rogo. Pos que explique o Sr López que o motivo real polo que se lle prohibiu foi porque o cazaron cas mans na masa revolvendo nos papeis que non tiña que revolver.”

O Sr.Alcalde dí ao Sr.López Pérez que non interveña e que non hai ningún papel no Concello que non poida ver un membro electo.

O Sr.Valín Valdés responde que: “ Pois menos mal, porque a min negoumos todos.”

Intervén o Sr.Rodríguez Andina que pide a palabra e mentres tanto o Sr.Alcalde dille ao Sr.Valín Valdés en referencia á súa intervención, que sabe que non.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular dí ao Sr. Alcalde de xeito reiterado que sexan serios, e o Sr.Alcalde contéstalle que dende fai horas o están sendo.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina proséguese manifestando que o Sr.Alcalde non, que non hai ningún papel que non teña dereito a ver calquera cargo electo, e que poden estar de acordo e xa verían si exactamente, porque non fai moitos días a unha solicitude de documentación dun membro desta Corporación se lle dixo que este sí e aqueles non, e polo tanto sexan serios primeiro.

O Sr.Alcalde replica que para eso están as normas, para cumprilas todos, e o Sr.Rodríguez Andina pide ao Sr.Alcalde que lle deixe acabar e o Sr.Alcalde lle pregunta que cantos falan ao mesmo tempo , se tres ou o Sr.Rodríguez Andina, ao que éste dí que él , e o Sr.Alcalde lle da a palabra.

O Sr.Rodríguez Andina dí o Sr.Alcalde que este acaba de dicir que todo cargo electo ten dereito a ver todos os papeis do Concello e o Sr.Alcalde dí, que se procede.

O Sr.Rodríguez Andina prosegue manifestando que iso, non, que se procede llo acaba de colar o Sr.Alcalde, de rondon, e pídelo que diga as cousas enteiras, en primeiro lugar e en segundo o que hai que facer é solicitar cando se quere ver algo e se lle autoriza a ver algo e se unha persoa entra nun despacho para ver unha documentación e está falando en xeral, ou sexa que se esqueza o Sr.Alcalde , para ver unha documentación, non ten dereito a ver outra documentación.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que nese caso non ten ese dereito e que o Alcalde o sabe perfectamente e se unha persoa ten acceso ás Oficinas xerais para ver un expediente , nese momento non ten dereito para ver outros expedientes e que o pida e terá dereito, pero non aproveitando que mira éste , ver éste e aquel, e o outro; e que o Alcalde sabe que non ten dereito.

O Sr.Alcalde dí que claro que non, e o Sr.Andina dille que xa está.

O Sr.López Pérez pola súa parte dí que ese non foi este caso, e o Sr.Rodríguez Andina pola súa parte dí que xa, e sinala que él non foi quen iniciou este debate.

Por parte do Sr.López Pérez se dí ao Sr.Rodríguez Andina que pode dicir misa pero que o Sr.Rodríguez Andina minte.Deliberase entre ambos sobre o acontecido o respecto, interpelándose mutuamente.

O Sr.Alcalde dí que perdón, e o Sr.Rodríguez Andina dí que lle chamaron a atención funcionarios. (ó Sr.López Pérez) O Sr.Alcalde dí que queda rematada a cuestión.

O Sr.López Pérez dí que foi por orde do Sr.Rodríguez Andina, que non se atrevía a prohibirlle entrar (ó Sr.Concelleiro que está no uso da palabra) e o Sr.Rodríguez Andina dí (en senso irónico) que lle ten moito medo ao Sr.López Pérez, e o Sr.López Pérez á súa vez dílle que non se atreveu, e o Sr.Rodríguez Andina á súa vez que está temblando cada vez que o ve.

O Sr.Alcalde pide silencio por favor aos Sres. Concelleiros que se están a interpelar.

Intervén a continuación o Sr.Fernández-Reinante que manifesta que ten as preguntas aquí e preferiría que llas foran contestando.

Obran no expediente da sesión as preguntas formuladas por escrito polo Sr.Fernández Reinante , traducidas , que se transcriben:

“Santiago Fernández-Reinante Salvatierra, Concelleiro do Excmo. Concello de Ribadeo formula a seguintes preguntas por escrito para ser contestadas no vindeiro Pleno Ordinario:

1. ¿Cántas denuncias por vandalismo e conducción temeraria fixo a Policía Local o longo desta lexislatura no Casco Urbano de Ribadeo (Competencia Exclusiva do Concello), toman unicamente os fins de semana como referencia, que é o único turno que cobren os Axentes Policía Local?.

2. ¿Cantas sinais e mobiliario urbano se repoñeron?

3. ¿Canto teñen que esperar os cidadáns que teñan un accidente no Casco Urbano ás 7 da mañá para que apareza a Policía Local a instruír o atestado?.

4. ¿Cantos controles preventivos de alcoholemia fixo a Policía Local en Ribadeo.?

5. ¿Cantos detidos ten a Policía Local o longo da lexislatura por algún tema Penal?

6. ¿Cantas denuncias tramitou a Policía Local en normativa de ruído?- competencia local-.

7. ¿Cantas denuncias formulou a Policía Local por incumprir a normativa de Horarios de Peche?

8. ¿Cántos controles se realizaron de consumo de alcohol por menores en establecementos?

9. ¿Cántas actas por consumo de drogas en vía pública?

10. ¿Cántas actas se instruíron para velar polo control de normativas de obras?, ¿de seguridade....?¿de ocupación da vía pública...?

11. ¿Cántos controles de establecimientos Públicos? Horarios, lexislación ¿Saben que existe?
12. ¿Cántos controles de venda de productos? ¿Cántos controles de venda ambulante, en concreto de ocupación de espacios públicos sen autorización, (Rúa Peonil, por exemplo)?
13. ¿Conta a Policía Local con algún Plan de prevención da delincuencia, vandalismo (graffitis)?
14. ¿A cuántos cursos de actualización de coñecementos asistiron os membros da Policía Local Ribadeo nestes últimos catro anos? ¿Cántos deles asistiron? (Cursos que imparte o Centro Estudios Xudiciais e Seguridade Publica gratuitamente para os Concellos).
15. Servicios realizados pola Policía Local: Identificacións, control de tráfico, dar paso nos pasos de peóns , ¿E esta a única función ó longo do día?
16. Estructura e función da Policía Local: ¿Quen a coordina ?
17. ¿Quen supervisa a súa funcionalidade?
18. ¿Esta coordinada con outras forzas de Seguridade? (Garda Civil-Policia Autonómica)
19. Xunta Local de Seguridade: ¿Cantas se celebraron?
20. ¿Cántas mesas técnicas?
21. Vados, ¿Respéctanse?
22. ¿Qué se fai se un vehículo esta nun vado as 4 da mañá e non aparece o seu conductor? - Recordemos que non temos nin grúa nin un Policía Local que poda denunciar a ese vehículo.

23. ¿Se é unha urxencia? Ou ¿resulta que ternos competencias e non as asumimos?

24. Os ciclomotores, ¿ Van con casco os seus usuarios?.

25. Os condutores ¿Respectan as normas, que si respectan cando saen de Ribadeo? Móbil cintos de seguridade. Menores sentados correctamente, e nos lugares axeitados (so ver saída dos colexios na que algún vehículo parece un autobús en vez de un vehículo de 5 prazas e a Policía Local ve pero non actúa- , nin a nivel sancionador nin a nivel informativo- ¿Ten instrucións concretas para que non se informe a lo menos?

26. Normativa de Medio Ambiente: ¿Cúmprense e faina cumprir o Concello? (no seu defecto Policía Local), estoume a referir a cans soltos, publicidade pegada de carteis por todo-los sitios, feces de animais por toda-las beirarrúas. ¿Formulouse algunha sanción? ¿Cántas tramitaron? ¿Cántas se rematou o expediente?

27. Á vista das respostas anteriores, ¿creen o Alcalde como máximo responsable e o Concelleiro Delegado de Tráfico e Seguridade Cidadá como tal, que cumpriron coas súas obrigas ao longo desta lexislatura en materia de Tráfico e Seguridade Cidadá?

En Ribadeo a 27 de Febreiro de 2007. “

—

Outro grupo de preguntas formuladas polo Sr.Fernández Reinante é do seguinte tenor literal :

“Santiago Fernandez-Reinante Salvatierra formula as seguintes preguntas para ser contestadas no próximo pleno:

1. ¿ En que situación encontrase a Axenda Local 21? Concretamente ¿ en qué fase de implantación?
2. ¿ Convocouse o longo de esta lexislatura á comisión de seguimento da Axenda 21?
3. ¿Que actuacións leváronse a cabo nesta lexislatura para a súa implantación?
4. ¿ En que situación encontrase o Proxecto Municipio Turístico Sostible?
5. O pasado mes de xuño de 2005 finalizou a vixencia do Plan Municipal de Residuos. Ribadeo era xunto a A Coruña os dos únicos municipios de Galicia que contaban con

- un Plan Municipal de Residuos propio. ¿Avaliouse o seu período de vixencia 2000-05? ¿Que conclusións sacáronse? ¿Elaborouse por parte do Sr Delegado de Medio Ambiente (do Sr Alcalde, neste caso) un novo plan Municipal de Residuos e limpeza viaria para substituír o anterior?
6. ¿Que “planning” diario, semanal e mensual utilizan os actuais traballadores do servizo municipal de limpeza viaria?
 7. ¿En cantas ocasións procedeuse o longo da presente lexislatura a lavar os contenedores de RSU, bolsa amarela, vidro e papel-carton da vía pública?
 8. ¿Cantos dípticos informativos enviáronse ós domicilios, para mellorar os índices da recollida selectiva o longo da presente lexislatura?
 9. ¿Cal é a porcentaxe de impropios da bolsa amarela na última caracterización realizada? ¿Non é certo que se aproximaba ó 50%? ¿Sabe vostede cal era esa porcentaxe en maio de 2003?
 10. ¿Penalizase o Concello polo alto porcentaxe de impropios?
 11. ¿É certo que se quere traspasar esta responsabilidade á empresa encargada da recollida da bolsa amarela (así figuraba no prego de condicións do concurso sacado recentemente)?
 12. ¿En cantas ocasións recolléronse as pilas dos contenedores, que existen a tal efecto nas tendas de venda de pilas o longo da presente lexislatura?
 13. ¿É certo cas que entregan os propios comerciantes no Concello, almacénanse no sotano do mesmo e non se recollen polo reciclador correspondente? ¿Cal foron as dúas últimas veces que se recolleron? (Pódese comprobar nos albarans de recollida do reciclador e data de entrada no libro de rexistro do Concello)?
 14. ¿En cantas ocasións encendeuse a cheminea de combustión de gas metano emanado do antigo vertedoiro municipal, a lo longo desta lexislatura?
 15. ¿En cantas vaciouse a balsa de lixiviados do antigo vertedoiro municipal, o longo da presente lexislatura?
 16. No primeiro ano de apertura da Casa da Ría pasaron por as súas instalacións máis de 10.000 persoas e realizáronse cursos de Astronomía no observatorio astronómico. ¿Cantas persoas pasaron pola Casa da Ría no último ano? ¿Non é certo que permanece cerrado ó público? ¿Cantos cursos de astronomía realizáronse na presente lexislatura?
 17. ¿Cantos participantes acudiron á última edición das Xornadas Ambientais da nosa localidade, celebradas no mes de novembro pasado?
 18. Ó finalizar a lexislatura anterior, deixáronnos programada a VIII edición con todo o programa cerrado? ¿Previuse algo, programación, datas, para a edición do presente ano (XII edición)?

19. ¿Porque non se construíu o muíño de vento nos terreos que no seu día cedeu gratuitamente Don Victor Navarro en Ove ó Concello para construír unha replica do de O Treixo? ¿É certo que esos terreos revertiron ó antigo propietario e o Concello os perdeu, simplemente porque non se construíu o mencionado muíño no prazo dado polo propietario?
20. ¿ Que xestións realizáronse no Ministerio de Medio Ambiente para a execución do proxecto de recuperación da ruta do antigo Tren Mineiro de Vilaodríz, proxecto do período 2002-2003 realizado por TRAGSA?
21. ¿En que situación encóntranse os traballos iniciados con foto incluída por parte do fotoxénico Primeiro Tenente de Alcalde, de limpeza e desbroze da ruta (Creo en Rego da Viña? ¿ Ou acabóuselle o carrete, perdón a tarxeta(a tecnoloxía , pódenos xogar a veces unha mala pasada?
22. ¿ Iniciou o Concello os Trámites para facerse dono dos terreos, cónstame que se lle proporcionou o listado de propietarios e superficies afectadas? ¿En que situación se encontra?
23. ¿En que situación encontrase a recuperación do antigo muíño das Aceas, o proxecto é da lexislatura anterior, cónstame?
24. ¿En que situación encontrase a recuperación do antigo muíño de regato en Ove, o proxecto tamén é da lexislatura anterior, cónstame igualmente? Aquí incluso chegouse a firmar un compromiso de financiamento por parte da Consellería de Medio Ambiente?
25. ¿Cantas rutas de sendeirismo realizáronse (acondicionado , sinalizado...) o longo da presente lexislatura? ¿Conserváronse sequera as existentes (realizouse algunha actuación)?
26. No Auditorio de Cabanela na actualidade un rexistro da rede de sumidoiros rebosa constantemente augas fecais no propio Auditorio.¿ten coñecemento o Delegado de Obras de esta anomalía? ¿Realizouse algunha actuación ó respecto?
27. Con respecto á rede de sumidoiros ,¿ atendense as peticións dos veciños para subsanar deficiencias tales como olores, carencia de sifóns , etc?¿ En qué prazos?
28. ¿Cúmprese a normativa de seguridade nas obras que realiza o propio o Concello , en concreto na Rúa San Lázaro?
29. ¿É coñecedor o Delegado de Obras de que algúns dos traballadores da empresa que realizou a obra da Rúa San Francisco , estaban contratados de forma ilegal, traballando sábados e domingos sen cobrar horas extraordinarias e se lles quería pagar esta obra cando realizasen a seguinte?
30. ¿Cantas prazas de aparcamento definitivas (aparcamentos) construíu (están en funcionamento)na presente lexislatura a Delegación de Obras antes de peatonalizar as rúas Reinante e San Francisco? ¿ E despois?

31. ¿ Non é certo que o convenio firmado coa Xunta, que se ratificou co Centro Comercial Aberto, dicía que primeiro había que facer as prazas de aparcamento e despois peatonalizar?
32. ¿Cantas prazas de aparcamento suprimíronse na presente lexislatura?
33. ¿Cree que se beneficiou o pequeno comercio? ¿En que?
34. ¿Canto nos costa os ribadenses mensualmente o actual Alcalde? ¿ En soldo neto? ¿En retencións IRPF? ¿ En custos sociais (Cotización á Seguridade Social)? ¿ A cuanto ascenden os gastos do ano 2006 do Alcalde en concepto de dietas e desprazamentos do cargo? ¿ E os gastos de representación?
35. ¿Canto nos costa ós ribadenses mensualmente o actual 1º Tenente de Alcalde? ¿ En soldo neto? ¿ En retencións IRPF? ¿En custos sociais (cotización á seguridade social) ? ¿ A canto ascenden os gastos do ano 2006 do Alcalde en concepto de gastos de dietas e desprazamentos do cargo? ¿E os gastos de representación?

O Sr. Alcalde á súa vez dille que preferiría que llas fora lendo por se non as leu ben, e se fai o favor que proceda.

O Sr. Fernández Reinante pregunta se ten a obriga de ler as preguntas, e o Sr. Alcalde dille que senón non as contesta e listo, ao que repregunta o Sr. Fernández-Reinante que como non llas vai contestar.

Por parte do Sr. Alcalde se lle dí ao Sr. Fernández-Reinante que se quere ler as preguntas é o que lle está dicindo e por parte do Sr. Fernández-Reinante se dí que as preguntas están presentadas por escrito e que non é ningún lector.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Fernández-Reinante que como, ou sexa se é que non quere ler as preguntas que presentou , e o Sr. Fernández-Reinante dí que lle vaian contestanto unha por unha.

O Sr. Alcalde dí que xa mirará.

O Sr. Fernández-Reinante dí ao Sr. Alcalde que ten dúas preguntas aparte das formuladas por escrito que sí vai a plantexar , e que unha é a colación do que dicía o Sr. Valín Valdés da Atalaia, e que é curioso porque cando asistía (o Sr. Fernández Reinante) ás Comisións de Patrimonio de Lugo en representación deste goberno municipal, do goberno municipal de agora , naquelas edificacións que se pretendían rehabilitar en zona PEPRI , en ningún caso se permitía o maior, o mais mínimo atisbo de aumento de volume e dende logo tampouco de incrementos de ocós, e que polo tanto, simplemente xa que o Sr Valín se referiu a edificación antes e ou quere dicir que si eso é así , canto cambiou en pouco tempo.

O Sr. Alcalde dí ao Sr. Fernández-Reinante que é o que lle pregunta.

O Sr. Fernández-Reinante manifesta que alí se produce un aumento de volume na Atalaia.

O Sr. Alcalde volta a indicar que cal é a pregunta.

O Sr. Fernández-Reinante dí que a pregunta é se houbo cambio na lexislación dende que él (en relación a sí mesmo) asistía á Comisión de Patrimonio ata agora.

O Sr. Alcalde resposta que o descoñece, e o Sr. Fernández-Reinante dí que moi ben.

O Sr. Fernández Reinante de seguido dí que vai formular outra pregunta e que é relacionado coas cesións dos promotores ao Concello en solo urbano, e neste caso para viales, e comeza a preguntar se pode ser que as rúas, interrompéndose a pregunta xa que o Sr. Alcalde lle pregunta á súa vez que donde hai viarios que cederan os constructores.

O Sr. Fernández-Reinante manifesta que detrás do Teatro hai un viario cedido polos constructores, e que a lei do solo dí que a cesión de viales en solo urbano agora teñen que ser dezaseis metros.

O Sr. Alcalde contéstalle que non é unha rúa.

O Sr.Fernández Reinante dí que simplemente quere saber si esto é así ou non,e que a segunda pregunta é si os promotores , cando ceden ese solo , ¿ceden o solo, o subsolo e o voo ou ceden o que lles da a gana?, e que nada mais.

O Sr.Alcalde dí que a contestará no próximo pleno.

O Sr. Reinante dí que , vale, e pregunta que aparte desa, se se van contestar.

O Sr.Alcalde contéstalle que ten 27 preguntas presentadas nun escrito e 35 no seguinte e que se quere lle contesta o que tiña previsto sen que as lea o Sr.Fernández-Reinante.

Toda vez que éste asinte, o Sr.Alcalde manifesta que con relación a todas as que fai o Sr.Fernández-Reinante sobre vandalismo, ruidos e todas as relativas a policía local e debido a falta de tempo porque foron presentadas o día 9 a media maña e non lles deu tempo a telas preparadas po Pleno, hoxe decretoulle á Xefatura da Policía Local que informara das 27 preguntas para darlle resposta no seguinte Pleno.

O Sr.Fernández-Reinante pregunta se entón non fai falta que as lea, ao que resposta o Sr.Alcalde que das outras 35 que fai o Sr.Fernández-Reinante por a mesma situación vai contestar a dúas e deixar as outras para o seguinte Pleno.

Prosegue o Sr.Alcalde manifestando que as preguntas que vai contestar das formuladas polo Sr.Fernández-Reinante son as números 34 e 35. Que en relación á 34 ¿ canto nos costa á Alcaldía ¿ e a 35 a mesma pregunta pero referida ao 1º Tenente de Alcalde , que en relación á segunda tanto na 34 como na 35 supón que xa estará enterado o Sr.Fernández-Reinante porque ata fai pouco tempo era o Delegado de Facenda e era o que levaba eses temas.

O Sr.Fernández-Reinante dí que non, pero....

O Sr.Alcalde resposta que o Alcalde costa 4.590 Euros , 2.542 son do soldo neto, 863 son de IRPF, 993 son de Seguridade Social, e 191 de cota obreira. Con relación ó primeiro Tenente de Alcalde , costa 2.570 Euros, o soldo neto de 1.541 euros, IRPF 314 euros , a Seguridade Social son 606 , e a cota obreira 110 euros.

O Sr.Alcalde dille que esa é a resposta que lle da e que en canto ao que realmente lle costa aos ribadenses mensualmente o soldo do Alcalde e ao resto das preguntas quedan para respostar que son 60 para o próximo pleno.

O Sr.Fernández-Reinante dí que co cal os apartados de desprazamentos e dietas, se non se vai contestar.

O Sr.Alcalde dille que non, que sí que lle contesta, que lle contesta que xa o coñece o Sr.Fernández - Reinante que era a súa laboura mentres estaba de Concelleiro Delegado de Facenda ata fai un mes, e supón que xa o saberá.

E non habendo máis asuntos que debater por parte do Sr.Alcalde se levanta a sesión dando as grazias aos asistentes e sendo as veintedúas horas e dez minutos,estendendose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,